

DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO DO CONCELLO DE BAIONA

Abril de 2006

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1 Metodoloxía.....	4
1.2 Apuntamento histórico.....	5
2. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO.....	6
2.1 Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra.....	6
2.3 Entidades de poboación.....	8
3.1 Solo	8
3.2 Características climáticas	10
A) Precipitacións	10
B) Temperaturas.....	11
C) Amplitude térmica.....	11
3.3 Vexetación.....	12
3.4 Relevo	13
3.5 Ríos	14
3.6 Zonas de interese natural	14
4. RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO	15
4.1 Patrimonio histórico e arqueolóxico	17
4.2 Patrimonio arquitectónico.....	17
4.3 Patrimonio etnográfico	21
4.4 Recursos turísticos.....	24
5.2 Infraestruturas de comunicación	29
5.3 Centros educativos	30
5.4 Servizos sociais.....	31
6. POBOACIÓN E VIVENDAS	32
B) Densidade demográfica	34
C) Poboación segundo lugar de nacemento e residencia.....	34
D) Poboación segundo nacionalidade.....	36
E) Evolución demográfica	37
6.2 Estrutura da poboación	38
B) Distribución da poboación por grandes grupos de idade	39
6.3 Movemento natural da poboación	44
C) Saldo vexetativo	47



6.4	Movimentos migratorios	48
A)	Emigración	48
B)	Inmigración	50
C)	Saldo migratorio	52
6.5	Nivel de formación da poboación.....	55
A)	Nivel de estudos da poboación.....	55
B)	Taxa de analfabetismo	56
C)	Tipo de estudos da poboación.....	57
D)	Lugar de estudo da poboación	58
E)	Educación non universitaria	59
6.6	Vivenda.....	60
A)	Tipo de vivenda	60
B)	Réxime de tenza da vivenda	61
C)	Principais problemas da vivenda e do contorno.....	62
D)	Residentes e tamaño medio da vivenda	63
7.	MERCADO DE TRABALLO	64
7.1	Actividade.....	66
7.2	Ocupación.....	68
7.3	Desemprego.....	73
7.4	Promoción do Emprego	78
A)	Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego	78
B)	Axudas e subvencións para a creación de emprego.....	79
C)	Accións de desenvolvemento rural	79
8.	ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS	81
8.1	Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento.....	81
A)	Nivel de renda.....	82
B)	Outros parámetros de desenvolvemento	83
8.2	Sectores produtivos e actividade económica	86
A)	Sector primario.....	87
B)	Sector secundario.....	90
C)	Sector terciario	93
9.	TERCEIRO SECTOR.....	98
11.	PROPOSTAS E ACTUACIONS	104



1. INTRODUCCIÓN

1.1 Metodoloxía

O presente documento de traballo inclúese dentro da medida “Desenvolvemento do territorio” que integra o actual proxecto de UPD. O obxectivo desta medida é poder implantar estratexias e proxectos que traten de potenciar aspectos específicos e xerais dun territorio. As accións relacionadas con esta medida están dirixidas a obtención de información, investigación e análise do contorno de cara a definición de proxectos.

Este traballo é unha desas accións e ten como obxectivo servir de instrumento que fundamente calquera estratexia de actuación no territorio e tomar decisións en materia de desenvolvemento e emprego a raíz da análise pormenorizada do espazo socioxeográfico. Para acadalo definiuse a realización dunha Análise e Diagnóstico do Territorio (no sucesivo, ADT) de cada un dos concellos da MAIV, nos que a través de diferentes fases se obteña unha visión o máis axustada posible sobre as potencialidades do territorio, e neste caso, do concello de Baiona.

A través das seguintes páxinas descríbense os resultados da primeira das fases do diagnóstico que se inclúen nos ADT, correspondente co inventario de recursos e elementos valorizables existentes no concello. Esta é unha análise detallada do territorio a través dos elementos que integran o sistema social, cultural, natural, e económico, permitindo ver os usos que del se fan.

A sistematización da información agrúpase en 10 temáticas, que inclúen una serie de indicadores. As 10 áreas nas que agrupamos a información son:

- ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO
- RECURSOS NATURAIS
- RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO
- ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS
- POBOACIÓN E VIVENDA
- MERCADO DO TRABALLO
- ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS.
- TERCEIRO SECTOR
- ANÁLISE DAFO
- PROPOSTAS DE DESENVOLVEMENTO E ACTUACIÓNS NO EIDO DO EMPREGO

Os datos obtivéronse do Instituto Galego de Estatística (IGE), do Instituto Nacional de Estadística (INE), de diversas fontes públicas e privadas e do propio concello de Baiona. A partir desa información, creáronse bases de datos e obtivéronse indicadores que facilitan o coñecemento do territorio no seu conxunto. Así mesmo a análise complementase coa comparación dos datos obtidos



para Baiona cos da AMV, Pontevedra e Galicia, de xeito que se comprenda mellor a evolución histórica, o momento actual e o futuro do concello.

A segunda fase do presente ADT, consistirá nunha análise cualitativa a partir da consulta aos técnicos dos concellos e doutras persoas representantes do territorio nos seus diferentes ámbitos. O obxectivo é ampliar a información existente nas fontes consultadas e sistematizada neste documento coas percepcións dos axentes socioeconómicos que actúan no territorio. Para acadar esa información, deseñaranse ferramentas para a recollida de datos, dirixidas ás persoas que se identifiquen relevantes para a análise.

O inventario de recursos complementábase cunha análise DAFO e cunha primeira achega de propostas de desenvolvemento e actuacións concretas no ámbito do emprego.

Por último, e para completar o ADT do concello de Baiona, os axentes implicados no seu desenvolvemento, revisarán o traballo realizado, de xeito que, ao incorporar as súas achegas ao documento e baseándose no seu coñecemento e implicación co territorio, as propostas e conclusións obtidas resulten máis axustadas realidade do concello.

1.2 Apuntamento histórico

A constitución do concello de Baiona tal e como hoxe se coñece sufriu diversas variacións nos últimos dous séculos. No Censo de Floridablanca reflíctese que as parroquias que formaron o concello eran xa da xurisdición de Baiona, agás Baredo, segregada posteriormente da de Baíña.

Durante o período de 1812-1814, no que hoxe é o concello de Baiona constituíronse tres municipios: Baiona, que integraba as parroquias de Baiona, Baíña e Baredo; Belesar, coa única parroquia de Belesar; e A Ramallosa, que agrupaba as de Santa Cristina de Ramallosa, San Pedro da Ramallosa (hoxe no concello de Nigrán e Borreiros (hoxe no concello de Gondomar).


A constitución do municipio de Baredo (Baredo e Baíña), consecuencia da reestruturación administrativa de 1820, reduciu a Baiona á vila e á súa propia parroquia.

Na división municipal do Real Decreto do 23 de xullo de 1835, Baiona constituíuse como concello coas seis parroquias que o integran na actualidade.



2. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO

2.1 Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra



O concello de Baiona localízase no extremo suroccidental da Comunidade Autónoma de Galicia entre as coordenadas xeográficas 42° 07' 45'' 8 Norte, 42° 02' 59'' 16 Sur, 8° 48' 11'' 1 Leste e 8° 53' 57'' 7 Oeste.


Administrativamente pertence á provincia de Pontevedra, situándose no Suroeste da mesma, na entrada da ría de Vigo, formando na súa parte N. unha ría propia de pequenas dimensións. O concello está adscrito ao Partido Xudicial de Vigo e pertence á Diocese de Vigo-Tui. Asemade, forma parte de dúas mancomunidades, a da Área Intermunicipal de Vigo e a de concellos do Val Miñor.

O concello situase no extremo suroccidental da Área Metropolitana de Vigo, ao S. da ría de Baiona. Presenta altitudes que van dende

o nivel do mar ata os 652 m. que se acadan no alto da serra da Groba, no S. do municipio.

Limita ao Norte co concello de Nigrán e coa ría de Baiona, ao Sur e Oeste con Oia, ao Leste con Gondomar e ao Sueste co de Tomiño.

Presenta unha superficie de 34,5 km² ó longo da que se reparten un total de seis parroquias, polas que se distribúen un total de corenta e seis entidades menores de poboamento, nas que residen 11.521 habitantes de feito, o que da unha densidade de 333,94 hab./km².



2.2 Estrutura parroquial



A superficie do concello de Baiona estrutúrase en tan so seis parroquias que albergan un total de 46 entidades menores de poboación. Segundo a extensión que presentan, a parroquia máis grande é a de San Lourenzo de Belesar, que supera os 10,5 km² e na que se asentan un total de catro núcleos de poboación. Seguen a esta as parroquias de Santa Mariña de Baía con preto de 8,6 km² e oito núcleos e Santa María de Baredo con 8,3 km² e doce entidades. A parroquia máis pequena é a de Santa María de Baiona, con menos de 1 km² e un so núcleo. Seguen a esta as de Santa María de Fora de Baiona con preto de 1,5 km² e catro entidades de poboación e Santa Cristina da Ramallosa con preto de 4,5 km² e dezasete núcleos.

As características do relevo inflúe na localización dos núcleos de poboación, non pasando os asentamentos os 230 m. de altitude, polo que a totalidade das entidades se asentan polo franxa costeira do municipio e polo val do Groba.

A pesares de que a parroquia de Santa María de Baiona presenta unha menor extensión, a súa condición de capital municipal fai que nela se localice un maior número de habitantes, propiciou pola presenza dun relevo pouco accidentado e polas boas condicións climáticas, o que favoreceron a localización no núcleo dun maior volume de actividades económicas vinculadas ao turismo e o conseguinte aumento de poboación. Así, dos 11.521 habitantes, 2.908 viven nesta parroquia de pouco menos de 1 km², o que da unha altísima densidade de poboamento. A existencia de boas vías comunicacións coa autoestrada AG-57, e a autonómica PO-552, así como a clara orientación turística do concello, sendo un dos principios referentes do turismo galego, e que se concentra de forma maioritaria na súa capital municipal, inflúe de maneira positiva na taxa de actividade e no nivel de vida local, que levou a que numerosa poboación fixase a súa residencia nesta parroquia. A seguinte en número de habitantes é a parroquia de Santa Cristina da Ramallosa, que nos seus preto de 4,5 km² residen 2.752 habitantes.

Pola contra, nas parroquias situadas nos extremos L. e O. do concello, Santa María de Baredo e San Lourenzo de Belesar, son nas que residen un menor número de habitantes, 1.058 e 1.158 respectivamente, debido aos grandes contrastes do relevo, no que predominan as fortes pendentes canto máis ao S. se dirixe.




Segundo a súa densidade destacan as de Santa María de Baiona, con 2.937,37 hab./km², Santa María de Fora de Baiona con 1.226,62 hab./km² e Santa Cristina da Ramallosa con 614,28 hab./km². As que presentan unha menor densidade de ocupación son as de San Lourenzo de Belesar (109,3 hab./km²), Santa María de Baredo (127,6 hab./km²) e Santa Mariña de Baíña (202,78 hab./km²).

2.3 Entidades de poboación

As entidades menores repártense pola metade N. e L. do territorio municipal, sendo máis numerosas no sector costeiro. Destaca a intensidade edificativa entre as parroquias de Santa María de Baiona e Santa Cristina da Ramallosa, que provoca que moitos dos seus núcleos estean interconectados na actualidade, polo que forman unha pequena conurbación costeira continua. Con todo, a maior parte dos núcleos presentan un claro asentamento costeiro, mentres que a medida que nos diriximos cara o S. do territorio a ocupación é menor.

O núcleo máis poboado é o de Baiona, capital municipal, na que viven a totalidade dos efectivos da parroquia, 2.908. Seguen a maior distancia os núcleos de A Ramallosa, Louriral e Cova Terreña na parroquia de Santa María de Fora de Baiona, e A Igrexa (Santa Mariña de Baíña) onde residen 767, 739, 679 e 523 habitantes respectivamente.




Como núcleos menos poboados sobresaen os de san Cosme, en Santa Mariña de Baíña, con 2 habitantes, As Cadeiras e A Torre (Santa María de Baredo) con 7 e 20 respectivamente, e os lugares de O Río (Santa Mariña de Baíña) e A Serralleira (Santa Cristina da Ramallosa) con 21 efectivos cada un.

3. RECURSOS NATURAIS

3.1 Solo

A meirande parte do concello de Baiona está composto principalmente por solos de granitos de dúas micas (materiais que na súa formación sufriron, cando menos, un proceso metamórfico e dúas deformacións que variaron o proceso orixinal da rocha). Dominan dentro destes os granitos cataclásticos, que sufriron unha intensa deformación e no que se pode observar unha disposición das micas paralela á foliación da rocha. Son rochas de grao medio cunha composición a base de Cuarzo (30,6%), Plaxioclasa (24,4%), Moscovita (9,6%), Microclina (27,3%), Biotita (8%) e outros materiais






nun 0,1%. Unicamente o extremo NL. presenta solos formados por lousas, xistos, pedras de gra, rochas calcáreas, ampelitas e liditas, caracterizada polo predominio dos xistos micáceos e dos paragneises cunha maior proporción de plaxioclasa.

No que se refire aos usos do solo, a maior parte da superficie do concello de Baiona é ocupada por formacións boscosas de especies foráneas, sobresaíndo a hexemonía dos bosques mixtos de eucaliptos e piñeiros, mentres que as especies autóctonas apenas teñen representación.

A maior parte da superficie deste concello está ocupada polos bosques mixtos de eucaliptos e piñeiros así como por zonas de mato, cunha orientación cara o pasto no SO., principalmente na parroquia de San Lourenzo de Belesar, cunha mestura de especies madeireiras no S: das parroquias de Santa María de Baredo e Santa Mariña de Baíña, mentres que no O. do concello domina o mato en solitario. Ao N. da parroquia de Santa María de Baiona existe un superficie de escasa importancia ocupada unicamente por piñeiros. As especies autóctonas teñen unha presenza practicamente testemuñal, ocupando superficies moi pequenas asociadas ás especies foráneas formando bosques mixtos, destacando unha pequena extensión no L. da parroquia de San Lourenzo de Belesar.

O sector litoral presenta variedade de usos, así no sector NL. predomina unha costa rochosa, mentres que no NO destaca a costa baixa cun predomino dos areais e a marismas na desembocadura dos ríos Miñor e Groba.

De especial importancia é a acción antrópica no N. do territorio. A acción da poboación deixase notar de especial maneira entre o N. das parroquias de Santa María de Baiona e Santa Cristina da Ramallosa, que se chegan a comunicar xunto coa de Santa Mariña de Baíña, situada entre ambas as dúas. Pola contra, unicamente na parroquia de Santa María de Baiona existen actividades comerciais de certa importancia, aínda que a superficie que ocupan é moi reducida.



3.2 Características climáticas


A localización xeográfica de Baiona na entrada da Ría de Vigo fai que dispoña dun dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival. As temperaturas son suaves durante todo o ano cunha media que rolda os 15°C, mentres que as precipitacións tamén son frecuentes e abundosas ó longo do ano, agás nos meses de verán, cun total que pode chegar aos 1.700 mm. A metade N. do concello poden se considerada, climaticamente, como a máis benigna, xa que presenta unhas temperaturas máis elevadas, unhas precipitacións menores e unha oscilación térmica máis baixa.

A) Precipitacións

A situación do concello de Baiona e as características do seu relevo fan que as precipitacións sexan abundosas nas zonas máis elevadas e menos frecuentes no sector litoral.

Ao longo do ano, a precipitación media recollida está entono aos 1.600 mm. cuns máximos que poden acadar os 2.000 mm. no S. e SO. do concello e uns mínimos de pouco máis de 1.200 mm. no N. do concello.

A presenza da serra da Groba no S. do concello provoca o ascenso en altitude das masas de ar húmidas procedentes do océano, aumentando a humidade e as precipitacións a medida que ascenden en altitude polo que estas son moi abundosas no S. e no extremo SO.



Deste xeito, as características topográficas, xunto coa proximidade ao mar, son os factores que inflúen no volume de precipitacións recollidas no concello, aumentando a súa cantidade a medida que o terreo aumenta en altitude, namentres que no sector litoral e nas zonas con escasa pendente a cantidade de auga de choiva recollida é inferior.

A parte N. do concello, que afecta á práctica totalidade das de Santa María de Baiona e Santa Cristina da Ramallosa, así como no extremo N. da de Santa Mariña de Baíña, recolle un total de precipitacións que rolda os 1.300-1.400 mm. ao ano, favorecido pola proximidade da costa e a escaseza de pendentes. No resto da metade N. e L. do territorio recóllense unhas precipitacións que roldan os 1.600 mm., debido á maior elevación do relevo que provoca un aumento das choivas. Na metade S. das parroquias de Santa María de Baredo e Santa Mariña de Baíña, así como no centro e L. da de Santa Cristina da Ramallosa, as maiores pendentes e a maior elevación do terreo provocan




que as precipitacións totais recollidas estean en torno aos 1.800 mm., chegando incluso ata os 2.000 mm. nas zonas máis elevadas da serra da Groba no S. e SL. do territorio.

B) Temperaturas

A temperatura media do concello de Baiona, tal e como ocorre coas precipitacións, está influenciada pola progresiva elevación do relevo, polo que o seu valor vai descendendo a medida que o relevo aumenta a súa altitude cara o S.

A temperatura media anual da metade N. e L. do territorio está por riba dos 15°C. No SO. (S. das parroquias de Baredo e no SL. da de Baiña) e nunha pequena franxa que bordea a serra da Groba, os valores descenden ata os pouco máis de 14°C. Máis cara o S., afectando a toda a liña límite co concello de Oia, estas medias volve a descender, roldando os 13°C., mentres que soamente no cumio da serra da Groba se rexistran temperaturas medias por debaixo dos 12°C.



Por estacións, o verán é a época que presenta unha temperatura media máis elevada superando lixeiramente os 20°C., seguido da primavera con medias que roldas os 18°C. Pola contra, o inverno e o outono son os que presentan os valores máis baixos, roldando os 10-11°C. Os meses máis calorosos son os comprendidos entre xuño e setembro nos que se superan os 20°C, mentres que os máis fríos son os de xaneiro e febreiro onde se roldan os 10°C.


C) Amplitude térmica

A amplitude térmica anual, que indica a diferenza existente entre a temperatura media máxima e a temperatura media mínima acadada ao longo do ano, presenta unha distribución semellante á das precipitacións totais e á da temperatura media. Pódese volver a ver como a proximidade ao mar e o relevo volven a ser o principais factores que inflúen nos contrastes finais das temperaturas.



A metade N. e L. do concello presenta unha amplitude térmica suave que oscila entre os 12,5 e 13,5°C. A localización deste espazo na entrada da ría de Vigo fai que a influencia dos ventos procedentes do océano suavicen este territorio. Ademais, a escasa altitude do relevo favorece a

penetración destes ventos costeiros cara o interior do municipio a través do val do río Groba, que tamén presenta unha oscilación suave.



Aínda así, pódense atopar algúns espazos nos que a amplitude térmica aumente máis dun grado centígrado o seu valor debido á elevación do terreo. As zonas do concello con maiores altitudes e pendentes son as que presentan unha oscilación máis alta que varía entre os 13,5 e 14,5°C, localizándose estas no S. e SO. do concello, coincidindo coa serra da Groba, no S. das parroquias de Baredo e Baiña, así como no SL. e S. da de Belesar.

3.3 Vexetación

En Baiona a superficie de bosque é de menos de 0,5 hectáreas por habitante, onde predominan as especies arbóreas foráneas.

No conxunto das formacións forestais destaca a maior extensión que ocupa os bosques mixtos de piñeiro (*Pinus pinaster*) e eucalipto (*Eucalyptus globulus*), que se localizan por toda a franxa centro e S. do concello. As maiores formacións de piñeiros pódense atopar no NO, en torno ao cabo Silleiro, mentres que a metade L., no val que conforma o río de Baiña, é onde se concentran as maiores extensións de Eucaliptos, así como no SL. no comezo do val do río Groba.

As áreas de monte raso localízanse nas zonas máis elevadas da serra da Groba, así como no val medio e baixo do Groba.

A vexetación clímax sufriu un forte retroceso nos últimos anos en favor das especies de crecemento rápido, quedando na actualidade pequenos espazos nos que aínda se conservan especies como carballos, no N. do termo nunha pequena franxa en contacto coa liña de costa, mentres que no SL. aparecen asociadas a especies foráneas formando bosques mixtos. No contorno dos cursos fluviais pódese atopar a vexetación típica de ribeira, así como bosques mixtos formados por piñeiros, eucaliptos e carballos, sendo máis frecuentes estes na zona media do val.




A nivel xeral, a vexetación forestal do concello de Baiona está formada principalmente por bosques mixtos de especies de crecemento rápido que ocupan a práctica totalidade do concello. As especies autóctonas limítanse á presenza de pequenas carballeiras e vexetación de ribeira na cunca dos cursos fluviais, ocupando unha superficie moi pequena e estando maioritariamente asociadas ás especies foráneas en forma de bosques mixtos.

3.4 Relevo

O relevo do concello de Baiona pódese estruturar en dúas unidades morfolóxicas, a liña de costa e o interior. A primeira, situada no último tramo da ría de Vigo, caracterízase pola súa suavidade, sobre todo dende a desembocadura do río Miñor ata o núcleo de Baiona, onde conforma un relevo pouco accidentado. Neste tramo da costa é importante subliñar a frecha litoral da Ladeira, no esteiro da desembocadura do río Miñor, a punta de Sansón e a punta dos Fornos. Nas proximidades do cabo Silleiro, o máis importante do concello, existen outras dúas illas pequenas, Polbeiras e A Carral. A partires deste sector a morfoloxía litoral muda para tornarse nun litoral abrupto, rochoso, onde os acantilados son constantes. No límite co concellos de Oia sitúase a punta das Negras e a illa Negra. Entre os areas máis destacados sobresaen os de A Ladeira, Barbeira, e A Concheira.

A suavidade do litoral contraste coas altitudes da serra da Groba, que conforma a segunda unidade, sobre todo no lugar onde ten as fontes o río Groba e no Alto das Pozas. O relevo caracterízase por ser bastante accidentado a medida que se vai cara o interior do territorio, acadando altitudes superiores aos 600 m., onde sobresaen os 630 m. do Pico Gabiñeira e os 652 m. da Groba.


A meirande parte deste territorio aséntase sobre materiais graníticos, agás unha banda de xistos e cuarcitas da serie de Monteferro-O Rosal que se estenden pola parte oriental do municipio (na parroquia da Ramallosa) e os substratos de sedimentos terciarios e cuaternarios nos contornos dos principais cursos fluviais que regan este termo, o Groba, o Miñor e o rego das Tres Regueiras.



As parroquias que se asentán a maiores altitudes son as de San Lourenzo de Belesar, e a de Santa Mariña de Baiña. Pola contra, as parroquias de Santa Cristina da Ramallosa, Santa María de Baiona e Santa María de Fora de Baiona son as que presentan formas máis chas no terreo, sobre todo no sector máis litoral.



3.5 Ríos



A rede hidrográfica do concello de Baiona está dominada pola presenza do río Miñor, que da lugar á ría de Baiona na súa desembocadura, ademais do Groba e os arroios de Baña e das Tres Regueiras.

O río Groba leva unha dirección SSL.-NNO. ata a súa desembocadura, mentres que o Miñor desemboca na Ramallosa cunha dirección L.-O.

O restos dos cursos, de menor entidade, presentan unha dirección preferente S.-N., vertendo as súas augas directamente ao océano, a excepción do río Guillade, que nutre ao Groba.

Todos os cursos fluviais que regan este termo, a excepción do Miñor, teñen as súas fontes na serra da Groba descendendo de forma lonxitudinal cara a costa ata verter as augas no Atlántico.

3.6 Zonas de interese natural

No concello de Baiona pódense atopar dou espazos de interese natural, a Ramallosa e o tramo de costa Baiona e A Guarda.

O espazo da Ramallosa está incluído dentro da Rexión Bioclimática Atlántica. Atópase protexido baixo a figura de Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral, proposto para a Rede Natura 2000, ademais de ser considerado como un refuxio de caza.

Sitúase na desembocadura do río Miñor e forma unha área de marismas separada e defendida do mar pola ampla barra areosa da praia da Ladeira. As marismas son ecosistemas húmidos costeiros dun gran valor ecolóxico onde conflúen a auga doce dos ríos coa salgada do mar. Nestas áreas as condicións ambientais están cambiando constantemente xa que ao longo do día, coa subida e baixada das mareas, varía a salinidade e a temperatura da auga e amplas zonas quedan en seco.

Esta zona está ben abrigada, polo que recolle augas tranquilas e mornas, e condicionada pola dinámica de mareas que o anegan e o deixa ao descuberto periodicamente. Así, en marea baixa descobre unha ampla zona de lamacentas e areosas onde viven gran diversidade de invertebrados que serven de alimento a numerosas aves mariñas, especialmente limícolas, que teñen nesa zona unha importante área de descanso invernal. Pola contra, coa subida da marea convértese nun lugar




recollido ideal para o descanso das aves acuáticas. A zona é tamén un importante criadeiro de moluscos.

As especies mariñas viven enterradas nos substratos lamacentos (miñocas, berberechos, ameixas) ou agochadas nas pequenas pozas e nas algas (cangrexos, caramuxos, buguinas). Son habituais, cando sobe a marea, os peixes planos, os muxes e as xibas, e no tempo de desove son moitos os peixes e moluscos que se achegan ata aquí para facelo.

Todo este rico ecosistema serve de soporte a unha gran variedade de aves acuáticas, en especial limícolas, anátidas e ardeidas.

A vexetación que se asenta nos fondos das marismas resiste ben a inmersión e as augas salobres. Aquí atópanse plantas moi especializadas como as sebas, as espartinas, a herba cortal, os xuncos ou a estreliña das xunqueiras.

Por outro lado está a costa entre Baiona e A Guarda, que se atopa protexida polas Normas Subsidiarias e Complementarias da Provincia de Pontevedra. O tramo que se corresponde co concello de Baiona, ao igual que o resto do sector, correspóndese cunha costa rectilínea na que se aprecia unha ampla rasa de abrasión antigamente mergullada no mar e que emerxeu en épocas xeolóxicas recentes. Paralela a ela sitúase a serra da Groba (654 m.), dende onde baixa cara o mar pequenos ríos.



A costa, moi exposta, é rochosa en todo a súa extensión. Toda a zona é unha importante área de pesca e marisqueo (percebes, lagosta, nécoras, polbo...).

Neste espazo viven seres que desenvolven mecanismos para resistir os movementos do mar e o constante choque das ondas. En terra desenvólense especies resistentes á salinidade e á influencia dos ventos mariños como os liques ou tonas de pedra, o perexil do mar ou a herba de namorar.

4. RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO

Algúns autores atribúen a fundación de Avóbriga, primeiro nome de Baiona, a Diomedes de Etolis, fillo do fundador de Baiona Tideo, no ano 140 a.C. Neste século é cando se produce a ocupación



romana da Península, polo que cando chegaron ata Baiona foron rexeitados polo exército lusitano de Viriato. Un século máis tarde, no ano 60 d.C., Xulio Cesar organizou nesta vila o seu exército coa intención de asaltar as illas Cíes para explugar aos herminios.

No ano 587 é conquistada polo rei visigodo Recaredo. O monarca anexionaa ó seu reino e decidiu acuñar unha moeda para conmemorar o seu triunfo.

Entre os anos 730 e 750 a vila é dominada polos árabes, que perden a súa posesión en beneficio do Rei Alfonso I. Non sería aquela a única presenza árabe nestas terras posto que anos despois, no 997, o Rei Almanzor, consciente da importancia estratéxica do lugar e da súa fortaleza, consegue conquistar a vila.

A Idade Media foi unha etapa clave na historia da vila, xa que foi cando comezou a configuración da mesma. No 1201 o rei Alfonso VIII de Galicia e León firmou nas illas Cíes unha carta de poboamento polo que outorgaba a Erizana o nome de Baiona, e concedía aos seus habitantes importantes foros e privilexios para o comercio marítimo. Así, esta vila deixaba de depender do señorío do mosteiro de Oia para converterse nun foco de atracción respecto a todo o Val Miñor no que ás actividades pesqueiras, comerciais e artesanais atinxía.

No ano 1348 afectou á vila a peste negra, que penetrou nela por vía marítima, provocando a morte da meirande parte da poboación.

Durante a guerra que enfrontou a Castela con Portugal, Baiona é atacada pola flota do Almirante portugués Pezanha no 1331, que provocaría grandes desfeitas, e catro décadas máis tarde, no 1370, polo rei luso Fernando I, que fixaría a súa residencia na fortaleza do Monte Boi ata que foi expulsado polos casteláns.

Despois deste período de guerras, no século XV Baiona recibiría un novo impulso. Así no ano 1425 o Rei Xoán II decidiu que os portos de A Coruña e Baiona fosen os únicos nos que se descargasen as mercadorías procedentes do extranxeiro e, posteriormente, autorizaría a este porto a importar e exportar calquer tipo de mercadería.

No 1974 Pedro Álvarez de Soutomaior, coñecido como Pedro Madruga, sitiou, asaltou e tomou esta vila construindo no pico do Monte Boi unha casa-torre que aínda hoxe permanece en pé como parte do actual Parador de Turismo.

No tránsito do Alto Medioevo á Idade Media, tivo lugar un dos acontecementos máis significativos da súa historia, a arribada da carabela A Pinta, comandada por Martiño Alonso Pinzón e comandada por Diego Sarmiento, o 1 de marzo de 1493.

No ano 1497 os Reis Católicos concederon aos habitantes de Baiona numerosos privilexios e ordenaron que vivisen dentro do recinto da fortaleza de Monte Boi, que a partires de entón pasaría



a chamarse Monte Real. Entre os privilexios outorgados aos 650 veciños figuraba a exención de servir na Armada de Castela.

No ano 1585, unha vez convertida en baluarte de primeiro orde no sistema defensivo da Galicia da época, o corsario inglés Francis Drake atacou a fortaleza pero a poboación da comarca, dirixida polo entón Conde de Gondmar, Diego Sarmiento de Acuña, obrigouno a retroceder.

Despois dos séculos XVI e XVII, de grande esplendor para Baiona, xa que a vila expedía e comunicaba ordes reais, era cabeza de Partido e tiña dominio e señorío sobre os vales da Louriña e Rosal. Por outra parte, ía medrando peirao atrás pois os habitantes non eran moi partidarios de viviren na fortaleza. Non obstante, despois sobreviñeron dous séculos de crise debido á diminución da actividade portuaria como consecuencia do emerxente porto de Vigo.

Os séculos XVII e XVIII foron de asedio constante, xa que Baiona era o porto principal do S. de Galicia e do N. de Portugal, e o punto marítimo máis difícil de combater.

No 1823 Baiona deixou de exercer a súa xurisdicción sobre o Val Miñor e a súa influencia quedou reducida ao termo municipal.

4.1 Patrimonio histórico e arqueolóxico

A pasares de que aínda se conservan algunhas marcas sobre o territorio que amosan a antigüidade do asentamento humano nestas terras, o patrimonio que aínda se conserva hoxe en día é escaso, sobresaíndo unha pequena Estación Rupestre. Está composta por dez rochas gravadas distribuídas por un hemiciclo natural, paso obrigado entre as vertentes de dous pequenos ríos. Non posúe ningún indicador cronolóxico, aínda que si un pseudo trisquel de seis radios que podería levar aos gravados, o parte de eles, ata finais da Idade de Bronce ou comezo da de Ferro como máxima antigüidade. A maioría dos zoomorfos representados aparecen asociados ao pseudo trisquel nunha rocha case vertical que domina todo o conxunto. Dende uns metros máis arriba hai una ampla visión de todo o val Miñor, dende a desembocadura ata a serra do Galiñeiro, onde se atopa Auga da Laxe. Neste xacemento se seleccionaron dúas áreas ben distintas en función dos motivos gravados: por un lado o panel vertical cos cuadrúpedes e o trisquel, por outro a zona chá de paso para os motivos xeométricos.

4.2 Patrimonio arquitectónico

Cando nos referimos a patrimonio queremos dicir bens de tipo relixioso (capelas, igrexas, mosteiros, catedrais e santuarios) e patrimonio civil (casas grandes, pazos, faros, murallas, castelos, torres, pontes...).

O concello de Baiona conserva importantes elementos patrimoniais de entre os que destacan as casas grandes e pazos, e as obras de infraestruturas. Os núcleo de A Ramallosa e vila de Baiona son



onde se localizan un maior número de bens arquitectónicos, o que deixa entrever a importancia que estes lugares tiveron, e segue a ter, respecto dos do resto do concello.

Das construcións civís predominan as casas grandes e as pontes de pedra. Catro destas edificacións sitúanse na parroquia de A Ramallosa, destacando o a Casa Reitoral do Pazo de Sabarís, a casa de Cadaval e a casa de Cristo Rei. Pola contra, a vila de Baiona alberga tan só dúas destas edificacións, a casa de Ceta (coñecida tamén como Casa do Perdón debido a un cruel privilexio concedido polos Reis Católicos, que eximía de culpas a aquel axustizado que, no momento de ser sometido ó castigo público, fose quen de suxeitarse da cadea que penduraba da porta de entrada da casa. Edificada a primeiros do século XIV, conserva dous escudos coas armas dos Ceta, Figueroa e Fitado, entre outros) e a casa de Mendoza (tamén coñecida como Casa do Deán, dado que quen ordenou a súa construción no 1768 foi o entón deán da catedral de Santiago, D. Policarpo de Mendoza).

Ademais, no concellos existen outras edificacións destas características como a Casa Salgado (edificio do século XVI que sufriu numerosas modificacións ao longo da historia, e que era coñecida como a Casa dos sete bonetes.), ou a casa de Lourenzo Correa, actual sede do concello e que foi mandada construír no 1757 D. Lourenzo Correa e Araújo, alcalde de Cuernavaca (México). En 1942 adquiriuna o Concello para convertela en casa do concello. É un edificio de 630 m² de superficie, distribuídos en dúas plantas e un torreón. Presenta dous escudos que amosan os brasóns das familias Correa, Sotomayor e Troncoso de Lira. Entre ambos escudos, o Concello colocou o da vila, existente no antigo consistorio.

Tamén destaca a actual Casa da Cultura, que ata primeiros do século XX actuaba como casa de acollida de indixentes desta comarca. Era coñecido como Hospital de *Sancti Spiritus* e foi construído no século XVI. É propiedade do Concello, e o Ministerio de Cultura ordenou a súa remodelación respectando a antiga estrutura do edificio, formado por un baixo e unha planta.

Dentro da arquitectura civil non se pode esquecer a Fortaleza do Monte Real, que foi construída polo 1337 (segundo se colixe dunha cédula ditada polo rei Afonso XI), aínda que o castelo xa existía desde o século X. A fortificación ergueuse a causa das desavinzas entre Afonso XI e o rei de Portugal. En 1497 os Reis Católicos ordenáronlle á poboación de Baiona que pasase a vivir dentro do recinto amurallado pero non foi tal o desexo dos veciños, que soamente aceptaron os designios dos monarcas durante uns anos. Despois, a fortaleza foise convertendo en residencia dos diferentes gobernadores militares da fortaleza, entre eles o conde de Gondomar. Hoxe o recinto está convertido en parador de turismo e mantén as tres torres que vixiaban a fortaleza. Na entrada está a torre do reloxo, que agochaba unha campá que servía para dar a alarma en caso de ataque inimigo; ao leste érguese a torre da tenaza, que tiña como cometido defender o porto mercé a unhas baterías de tiro instaladas alí; na parte máis oriental da fortaleza, sobre a baía, está a torre do príncipe, a máis antiga, que actuaba como faro para os navíos. Esta última ten tres escudos (dos



Austrias, dos Sotomayor e o da vila) e debe o seu nome a que nela estivo preso o príncipe portugués Afonso Enriques en 1137.

Tamén merece unha mención especial o Faro Silleiro, inaugurado no ano 1866. Sitúase no cabo do mesmo nome, na parroquia de Baredo. Nas súas orixes posuía unha lámpada de mecha que utilizaba aceite vexetal como combustible, sendo substituída no 1909 por unha lámpada de petróleo. O novo edificio foi inaugurado o 3 de agosto de 1924, situándose no alto do monte a 85 metros sobre o nivel do mar e a uns 250 da beira da punta da Negra. O edificio ten axuntada á súa fachada oeste a torre do faro e, próximo a el, pódense mirar as ruínas dunha batería de tiro da Armada, cos seus canóns taponados. No 1960 o sistema de alumeado foi substituído por unha lámpada de 3.000 vatios, que en días despexados se pode ver a 40 millas.

Mención especial merece o casco histórico da vila, declarado conxunto de interese histórico-artístico pola Dirección Xeral do Patrimonio no ano 1993, coincidindo coa celebración do V Centenario da Arribada. A súa protección está contemplada no Plan Xeral de Ordenación Urbana e no Plan Especial de Protección do conxunto histórico-artístico, que limita a altura dos edificios e a calidade dos materiais. Malia que parte do casco antigo está situado entre o Burgo (península de Santa Marta) e Sabarís, o núcleo principal está radicado no centro do municipio e ocupa un círculo case pechado. Este ten tres entradas: pola praza de Santa Liberata, pola do Pai Fernando e desde o cruceiro da Trinidad. As súas rúas son angostas, estreitas e empedradas, con edificios de pouca altura, de pedra ou granito, dunha planta e con soportais. A cada paso hai un pequeno templo, unha fonte ou unha casa nobiliaria.

Vinculado aos cursos fluviais son muíños de auga existentes no concello. A escaseza de ríos xunto coas súas características: pequeno tamaño, dirección practicamente rectilínea e forte capacidade de arrastre das augas dada e escasa distancia que percorren e o forte desnivel que superan entre a montaña e a costa, fai que o número de muíños sexa escaso. A maior parte destes localízanse no entorno do río Groba, principal curso deste concello, que alberga un total de seis. Pola contra, o rego das Tres Regueiras recolle tan só dúas destas construcións, mentres que o restos dos cursos que regan ente espazo no presentan ningún muíño fariñeiro.

Outras construcións vinculadas aos cursos de auga son as pontes de pedra. Delas sobresa a ponte románica da Ramallosa, que atravesa o río Miñor e divide os termos municipais de Baiona e Nigrán. É unha das máis fermosas de estilo medieval que se conservan en Galicia. Ten 10 vans con arcos de medio punto, dos que oito (36 metros de lonxitude) pertencen a Baiona. Algúns deles son arcos oxivais, seguramente debido aos estilos vixentes nas épocas nas que debeu de sufrir algunha reparación. Na metade da ponte consérvase un cruceiro, que ten aos seus pés unha imaxe de san Telmo, patrón dos navegantes. Debaixo da ponte hai un peto de ánimas que representa ás ánimas en pena.



A outra ponte que merece a pena resaltar é a ponte vella de Sabarís, situada na parroquia de Santa Cristina, na antiga calzada romana ou Camiño Real. Esta é de cantería e foi construída no século XV. Ten tres arcos de medio punto e tallamares con forma de triángulo. Unha das características que posúe é que está algo recostada.

Por último, tamén se pode incluír neste apartado a fonte do Pombal, situada no camiño do Burgo a Sabarís. É de pedra e agóchase baixo unha arcada nun muro que dá ao Camiño Real ou calzada romana. Ten trazos góticos e pénsase que o seu autor é o mesmo que construíu o cruceiro da Trinidad. No frontal amosa tres escudos: no centro, as armas da Casa Real de España do século XVI; á esquerda, o da vila de Baiona, e á dereita un terceiro escudo imposible de recoñecer dado o seu deterioro. A fonte ten unha arqueta e unha mina pechadas por portas de ferro, un cano útil e dous inservibles, banco de pedra e sumidoiro. Na súa parte posterior ten un pequeno lavadoiro de tres metros.

En conxunto, destaca, ademais da fortaleza do Monte Real, a presenza dos pazos e casas grandes que se sitúan principalmente nas parroquias de Baiona e A Ramallosa, seguido dos muíños fariñeiros e as pontes de pedra. Do mesmo xeito, non se debe esquecer o faro Silleiro, dado a súa posición estratéxica e a súa importancia arquitectónica.

Por outro lado están as construcións de tipo relixioso baseadas na presenza de igrexas, capelas e conventos. En total contabilízanse dez edificios destas características. Das igrexas destaca a ex-colexiata de Santa María de Baiona, construída no século XIII e considerada Colexiata desde 1482 ata o 1850, presentando un aspecto fortificado e estilo oxival románico. Está dividida en tres naves, con cadansúa ábsida rectangular. A nave principal lembra o estilo cisterciense do mosteiro de Santa María de Oia. A porta da fachada, flanqueada por dous contrafortes, está formada por tres parellas de columnas, tímpano liso e arquivoltas. As fiestras son románicas e na fachada ten un rosetón de estilo románico. No ano 1841 trasladáronse ao adro varios cruceiros de distintos estilos que estaban espallados polas rúas da vila.

Cada parroquia posúe a súa propia igrexa, destacando de entre todas elas a igrexa de Baredo, aínda que non quedan restos da primitiva igrexa constituída como tal no ano 1140. A actual foi construída en 1812. É de estilo popular, con altar barroco e ten unha bóveda de cruceiro recuperada dun templo anterior. Neste templo gárdase unha imaxe da Virxe da Cela atopada no século XVI xunto ao mar no lugar de Outeiros da Arquiña.

Tamén chama a atención o convento das Dominicas situado en Baiona, e levantado no século XVI xunto aos límites da antiga vila. Sólido edificio de pedra de cantería e arquitectura sinxela. A súa igrexa, cun altar de grandes columnas polo que se reparte en fornelas unha longa corte de santos, ten un marcado estilo plateresco e follas de acanto dominando todos os espazos.



Tamén existen capelas e ermidas que se sitúen de maneira preferente na parroquia de Baiona, resaltando de entre todas elas as de Santa Liberata, da Misericordia e a ermida de Santa Marta. A primeira delas, consagrada na honra da mártir filla de Baiona e primeira muller crucificada da historia, é de estilo italiano plateresco e foi comezada a construír en 1695. A fachada do templo ten dúas torres e no centro, sobre o lintel, e escoltada polos escudos de Baiona e do Reino de Galicia, así como por unha fornela coa imaxe da santa crucificada. O retablo está presidido tamén pola escena da súa crucifixión e por unha serie de medallóns de altorrelevo que representan o martirio sufrido polas súas oito irmás. Nos laterais do altar consérvanse dous lenzos en bo estado de San Francisco Xavier predicándolles aos indios e á Virxe do Carme.

A capela da Misericordia foi mandada construír por mandado de Felipe II en 1595 á entrada do Monterreal. No ano 1656 reedificouse no casco antigo da vila, no lugar que hoxe ocupa. É de planta rectangular e aspecto austero. O máis valioso está no seu interior onde existe un retablo barroco presidido por un gran Cristo crucificado. Na capela gárdanse tamén varias imaxes, coma a do Cristo dos farois, a Dolorosa, Santa Isabel ou a Inmaculada. O templo pertence en patrimonio á Irmandade da Santa Casa de Paz e Misericordia, constituída en 1574 na honra de Santa Isabel. Confraría máis antiga de Galicia que organiza as celebracións relixiosas da Semana Santa baionesa.

A Ermida de Santa Marta é unha nave de planta rectangular e está situada na península que leva tamén o seu nome. Pola súa situación sufriu o acoso de piratas que a estragaron e queimaron repetidas veces. Xa en tempos de sosego foi restaurada polos veciños, que só puideron conservar do seu estilo románico de transición a porta sur, de arco semicircular e tímpano liso.

Por parroquias, a de Baiona é a que recolle un maior número de elementos arquitectónicos, o que amosa claramente o poder económico que tivo así como o seu carácter de capital municipal. , no numeroso patrimonio civil que recolle, destacando os pazos e casas grandes e as grandes obras de infraestruturas. No resto do territorio o patrimonio que se pode atopar limitase á presenza de edificios relixiosos e muíños de auga, destacando neste senso as parroquias de Vilar de Infesta, Reboreda, e Trasmañó.

4.3 Patrimonio etnográfico

O patrimonio etnográfico conforma un conxunto de elementos, materiais e inmateriais, produto da actividade que o ser humano desenvolve dentro dun territorio nun tempo determinado. A presenza deste tipo de patrimonio é escaso en xeral.

Do patrimonio etnográfico inmaterial destaca a presenza de cruces de pedra nas parroquias de A Ramallosa e Baiona, situándose o máis importante na de Santa María de Baiona, coñecido como o cruceiro da Trindade. Este foi construído no século XV sobre unhas rochas na parte alta da vila, sendo un dos poucos exemplares con cuberta de baldaquino. A súa cúpula é renacentista, con forma de pirámide sostida sobre unhas columnas rematadas en forma de pináculos cilíndricos con coroa



cónica. No interior está o cruceiro gótico coa imaxe de Cristo e, aos seus pés, a da Virxe xunto a outras figuras consagradas da Dolorosa, a Magdalena e o Apóstolo Santiago.

Pola contra, na parroquia da Ramallosa sitúanse o cruceiro das ánimas de Sabarís, que se sitúa sobre a ponte vella do río Miñor. Sobre a mesa maciza de pedra hai un retablo de tipo aberto con tres ánimas, correspondéndose a do centro coa dun cura. Carece de caixón para as esmolos. Por riba do peto colocouse a imaxe de San Telmo e as súas costas se pode ver un varal octogonal que remata en un cruz fina de forma romboidal e sen figura algunha.

Entre os aspectos etnográficos non materiais (festas populares e romarías) destaca o núcleo de Baiona como o lugar onde se desenvolve un maior número de eventos do concello. A nivel xeral, destaca a Festa da Arribada da Carabela Pinta cada primeira fin de semana de marzo, sendo declarada o 1 de marzo de 1974 festa local oficial. Neste día conmemorábase a chegada da carabela Pinta ao porto de Baiona coa nova do descubrimento de América. Durante o fin de semana celébrase nas rúas do casco vello e os paseos anexos unha festa medieval na que se ofrecen os produtos de artesanía que se consumían no século XV. Músicos, xogres, malabaristas e artesáns percorren eses días as rúas revivindo aquel feito. Ademais, nas tardes do sábado e do domingo ponse en escena a reconstrución do relato que Martín Alonso Pinzón e os seus tripulantes lle fixeron do feito do descubrimento ó corrixidor de Baiona o día 1 de marzo de 1493. Os actos complétanse coa concesión da medalla de ouro de Baiona a persoas ou asociacións que destacaron polo seu labor cultural no marco da emigración e cunha cerimonia oficial na que participan os representantes dos concellos de Palos de la Frontera, Santa Fe de Granada e Pornic, vilas irmandadas coa de Baiona.

Sendo un concello costeiro como é, non pode deixar atrás a celebración da festa do Carme o 16 de xullo. Os mariñeiros celebran esta festa sacando a súa santa nunha colorida procesión marítima pola ría. Ao remate da xira faise unha ofrenda polas persoas falecidas no mar, guindando unha coroa de flores nas augas do peirao. A festa complétase con diversos actos relixiosos e profanos, actuación de bandas de música, fogos artificiais e a saída de xigantes e cabezudos.

Outras festas que merece a pena mencionar son as de Santa Liberata (festa relixiosa en honor da Virxe e mártir do século II, filla de Baiona, nada do poder fecundador que as augas da Fonte cristalina lle concederon a súa nai, muller do gobernador romano de Galicia e Lusitania. Finalizada a misa e a procesión celébrase un baile popular na praza que leva o seu nome, con actuación de bandas de música, gaitas galegas e saída de xigantes e cabezudos); a Virxe da Rocha (que se celebra no monte de San Roque, onde está o monumento da Virxe, unha popular romaría campestre que se completa cun concurso de bailes rexionais, a actuación de grupos de coros e danzas, e coa danza das espadas, creada hai cinco séculos polos mariñeiros baioneses); a Virxe da Anunciada (que é considerada a Virxe por excelencia dos habitantes de Baiona, a Virxe propia dos mariñeiros desta vila. Un dos actos máis senlleiros é a procesión que sae coa imaxe da Virxe ás 9.00 da noite do sábado, percorrendo as rúas e paseos cos seus balcóns embelecidos por bandeiras e grilandas,



rematando a procesión cunha sesión de fogos artificiais. Ese día os mariñeiros executan fronte á Virxe a súa tradicional "Danza das espadas"; San Cosme e San Damián (Neste día oficiase un acto relixioso na honra dos dous santos e outros engadidos en que, como obriga a tradición, algunhas xoldas de romeiros lles ofrecen aos santos produtos do campo, figuras de cera, mortallas e donativos. Esta festa é tamén coñecida popularmente como a “Festa do mel e das noces”. , xa que durante dous días, 26 e 27, móntase na praza de Santa Liberata un mercado no que se venden mel, noces e outros produtos do campo). Do mesmo xeito, tamén sobresaí a Semana Santa, que se ven celebrando dende 1574, ano no que se constituíu a Irmandade da Santa Casa de Paz e Misericordia. A procesión dos Pasos (Xoves Santo) -ambientada con figuras viventes- ou a do Santo Enterro (Venres Santo), na que os confrades da Irmandade encapuzados acompañan o Cristo xacente, proban a veneración e solemnidade coas que se concibe a Semana Santa en Baiona.

Con todo, tamén se celebran festas de tipo popular como a Virxe da Anunciada (primeiro domingo de agosto) de Baiona; Santa Mariña (18 de xullo) e Santa Marta (18 de agosto) na parroquia de Baíña; a Virxe da Cela (primeiro domingo de xullo), na parroquia de Baredo; a festa de San Lourenzo (10 de agosto) na parroquia de Belesar; e a de Santa Cristina (o 24 de xullo) na parroquia de A Ramallosa.

Baiona	Festa da Arribada o primeiro fin de semana de marzo
	Semana Santa
	Festa da Virxe do Carme o 16 de xullo
	Festa de Santa Liberata o 20 de xullo
	Festa da Virxe da Anunciada o primeiro domingo de agosto
	Festa da Virxe da Rocha o último domingo de agosto
	Festa de San Cosme e San Damián o 27 de setembro
Baredo	Semana Santa
	Festa da Virxe da Cela o primeiro domingo de xullo
	Festa da Virxe do Carme o 16 de xullo
Baíña	Semana Santa
	Festa de Santa Mariña o 18 de xullo
	Festa de Santa Marta o 18 de agosto
A Ramallosa	Semana Santa
	Festa de Santa Cristina o 24 de xullo
Belesar	Semana Santa
	Festa de San Lourenzo o 10 de agosto



A gastronomía de Baiona é do máis variada destacando os produtos do mar como o polbo, a pescada, as xoubas, ameixas ou o bacallau, sen esquecer pratos tan típicos como a empanada de atún ou caldo galego. Ademais, Baiona linda co Rosal, unha das catro subzonas (xunto ó Salnés, Condado e Soutomaior) da Denominación de Orixe "Rías Baixas", polo que estes viños figuran ano tras ano entre as ofertas que os restauradores amosan nas súas cartas.

O concello de Baiona, ademais da tradición gastronómica, tamén presenta hostalería que se deixa notar no elevado número de restaurantes nos que se poden degustar os pratos máis típicos da zona. Estes concéntranse, sobre todo, no contorno da capital municipal.

4.4 Recursos turísticos

O concello de Baiona supón un referente a nivel galego en canto á práctica do turismo se refire. A súa situación no litoral S. da comunidade galega, así como a existencia dunhas infraestruturas e servizos consolidados dende hai anos, o que lle proporcionou experiencia e calidade ao sector, así como unha imaxe recoñecida fora dos límites municipais e da comunidade.

O turismo que se achega ata Baiona non é de tipo excursionista, aínda que tamén o hai, senón que son visitantes que teñen fixada na vila a súa segunda residencia, acudindo a ela preferentemente nos meses de verán, ou pola contra se aloxan nalgúns dos hoteis ou no Parador, polo que o número medio de días que pasan na vila está en torno a 3 ou 4, o que repercute de maneira positiva na economía local.

A pesares da degradación que sobre a paisaxe do interior municipal, onde os bosques tradicionais foron substituídos por especies de crecemento rápido (piñeiros, eucaliptos), este factor parece non importar moito aos visitantes, que acoden principalmente ao municipio para gozar dun turismo de sol e praia, que se ve complementado por unha rica gastronomía baseada nos produtos do mar, e uns servizos hoteleiros e hostaleiros de calidade, xunto cunhas boas condicións climáticas.

Para poder conformar un mapa municipal de recursos turísticos incorporouse todo aquel elemento material e inmaterial que pode ser aproveitado para o goce da poboación residente, así como para a atracción de visitantes. Deste xeito, pódese agrupar nun só plano todo aquel patrimonio que dado o seu estado de conservación, xunto coas características do entorno no que se localiza, pode ser considerado como unha fonte de recursos para a atracción de turistas e a potenciación deste sector no futuro. Non obstante, dada a especialización que a capital municipal posúe neste campo, así como a masiva concentración de recursos e actividades que presenta, sería conveniente elaborar dous planos, un para a capital municipal e outro para o resto do termo, co fin de que non se solape a información e que a lectura e comprensión do mesmo poida ser fácil para o usuario.



Dos recursos dos que dispón o concello os que dan a coñecer máis este territorio están vinculados ao patrimonio cultural e á práctica de actividades náutico-deportivas, xunto con algunhas festas tradicionais, sen esquecer a gastronomía.

Con todo, o concello posúe algún patrimonio no seu interior que ben pode ser posto en valor con fin de descentralizar a oferta, ao tempo que complementaría a existente. Así, poderíase destacar unha pequena Estación Rupestre composta por dez rochas gravadas situadas entre as vertentes de dous pequenos ríos. Datan dun período comprendido entre finais da Idade de Bronce e comezos da de Ferro. Dende uns metros máis arriba da localización destes dispónse dunha ampla visión panorámica de todo o val Miñor, dende a desembocadura ata a serra do Galiñeiro. Tamén se poden achegar os visitantes ata o Monte Groba, que con 648 metros é o punto de meirande altitude do municipio. Alí está o amplo miradoiro do Cortelliño, desde o que as Rías Baixas semellan unha sobria e colorista acuarela.

Non obstante, a meirande parte dos recursos atópanse preto da liña de costa, entre as parroquias de Santa María de Baiona ata a de Santa Cristina da Ramallosa. Así, dentro do patrimonio arquitectónico pódese resaltar as casas grandes ou pazos, de entre os que destacan a Casa-Torre do Monte do Boi, a Casa-Pazo de Cadaval, o pazo de Sabarís, se esquecer a muralla e o castelo de Monte Real, principal sinal de identidade turístico deste concello e que na actualidade é un hotel que forma parte dunha selecta cadea Paradores Nacionais. Ademais, a vila dispón dun fermoso casco histórico declarado conxunto de interese histórico-artístico pola Dirección Xeral do Patrimonio no ano 1993.

Outros recursos patrimoniais que poden ser aproveitados para unha maior difusión e promoción da vila son a ponte da Ramallosa, que divide os termos municipais de Baiona e Nigrán, e que é unha das máis fermosas de estilo medieval que se conservan en Galicia. O faro Silleiro, inaugurado no 1866 e situado no cabo do mesmo nome, aínda que o 3 de agosto de 1924 foi inaugurado o novo edificio no cumio da montaña, a 85 metros sobre o nivel do mar e a uns 250 da beira da punta da Negra, dende onde ver as ruínas dunha batería de tiro da Armada, cos seus canóns taponados.

Tamén destaca o número de recursos de orixe relixiosa, na que sobresaen polo seu número as igrexas e capelas, así como algunhas cruces de pedra e un convento. A nivel xeral presentan un moi bo estado de conservación grazas en parte a que moitos destes inmóbeis están en funcionamento, e son utilizados como recursos de atracción para os visitantes. De todos estes recursos chama a atención a igrexa de Santa María de Baiona, que data do século XIII e que entre o 1482 e 1850 foi considerada unha Colexiata. Tamén destaca a capela de Santa Liberata, datada do 1695 e mandada construír por orde popular para render homenaxe filla mártir de Baiona e primeira muller crucificada da historia. Por outro lado, tamén habería que falar do convento das Dominicas, do século XVI, e o cruceiro da Trinidad, que data do século XV e está situado sobre unhas rochas na parte alta da vila, sendo un dos poucos exemplares con cuberta de baldaquino.



Tampouco se deben esquecer as numerosas rutas a pe que se poden facer por estas terras e que atravesan paraxes nos que se pode gozar de fermosas vistas panorámicas. Así, os que gusten dos paseos preto da costa poden facelos polo paseo fluvial de Baiona, considerado como un dos máis atractivos bulevares costeiros de todas as vilas da provincia. A súa antiga concepción urbanística permitiulle integrarse dentro do núcleo, polo que hoxe é un elemento arquitectónico funcional e estético, ideal para deterse a contemplar a baía ou as galerías vidradas da fachada marítima. A beirarrúa oposta ao mar é unha longa arteria comercial que reúne restaurantes, terrazas, hoteis e tendas de produtos de alta calidade. A lonxitude actual supera os cinco quilómetros, chegando ata A Ramallosa. Tamén destaca o paseo de monte Boi, que rodea boa parte da base da fortaleza, nun percorrido de case 2 quilómetros que comeza sobre a praia da Cuncheira e conclúe baixo da torre do reloxo do fortificado, onda a porta real, tras salvar un pasadizo secreto. Inaugurouse no ano 1995. O paseante ten oportunidade de admirar as praias de Cuncheira, Os Frades e Barbeira, as illas Estelas e Cíes, Monteferro, Panxón e praia América. O sendeiro avanza entre o mar, pausado ou axitado segundo a estación, e un monte vizoso de carballos, sabugueiros, freixos e, maiormente, piñeiros. Dispón de tres coidadas áreas de descanso.

Non obstante, os que desexen realizar paseos ao tempo que se goza da paisaxe vexetal, pódeno facer a través do sendeiro das Greas, que bordea a práctica totalidade do concello, conectando distintos elementos patrimoniais e atravesando paraxes de singular beleza, tanto polas características naturais como polas panorámicas, podendo gozar das vistas da ría de Baiona e da serra da Groba. Ademais, no concello existen outros sendeiros de menor percorrido, algúns deles rexistrados pola Federación Galega de Montañismo, como o PRG 062 que discorre polos montes da Groba cunha lonxitude de 17,2 km, para o que é preciso un mínimo de 5 horas, estando o punto máis alto a 420 metros sobre o nivel do mar. Este da comezo no centro urbano e percorre as parroquias a través de antigas calzadas empedradas e de pistas forestais construídas para a explotación da madeira, polo que camiñar non resulta dificultoso e só en dúas ocasións a pendente anima a relaxar o paso e descansar. Como compensación pódese gozar dunha visión de Baiona e da ría que vai trocando de xeito que camiñamos. A medida que se vai camiñando, no lugares coñecidos como "Campos" e "Outeiro dos Lameiros" aparecen unha serie de petróglifos.

Con todo, o sector litoral é onde se concentra o maior actividade turística. Na vila de Baiona localízase a meirande parte dos areais e doutros servizos vinculados á practica de actividades náutico-deportivas, así como establecementos comerciais e hoteleiros e de restauración, favorecidos non só polas características climáticas do concello, senón tamén polas boas infraestruturas de comunicación.

Así, no concello localízanse 6 areais que son aptos para o baño, estando a meirande parte deles na parroquia de Santa María de Baiona que se caracterizan por seren de pequena lonxitude. Non obstante, a praia máis grande, con 3.000 m., é a da Ladeira, na parroquia de Santa Cristina da



Ramallosa. Todas elas se caracterizan por teren unha area fina e unha alta ocupación na tempada estival.

Ademais, o núcleo Baiona dispón dous portos deportivo, o Monte Real Club de lates de Baiona, situado xunto ao Castelo de Monterreal (actual Parador de Turismo), estando ben abrigado, e dispoñendo de 208 prazas de atraque en pantaláns frontais y 40 amarres para transeúntes; e o Porto Deportivo de Baiona, que dispón 319 amarres con finger, 32 amarres transeúntes, así como servizos de auga e luz en amarre, servizo de conexión a Internet, peirao de espera, duchas e WC, vixilancia e iluminación nocturna, aparcamentos, escola de vela, etc.

Todo isto vese complementado cunha ampla oferta hoteleira e de restauración, onde sobresa o Parador de Turismo. A oferta de aloxamentos caracterízase pola calidade media da mesma onde, exceptuando a presenza do Parador e dun hotel de 3 estrelas, predominan os hoteis de 2 estrelas, os hostais, e casas de turismo rural, localizándose un total de 12 hoteis con capacidade para pouco máis de 380 persoas, 2 casas rurais con 9 habitacións e 2 hostais que suman un total de 18 cuartos, ademais 1 cámping con 1.602 prazas.

A hostalaría da vila destaca tamén pola súa calidade media, predominando restaurantes de 1 e 2 garfos, chegando a localizarse preto de 30 establecementos que teñen capacidade para preto de 1.500 comensais. A oferta gastronómica está baseada na elaboración de pratos a partires dos produtos máis típicos da zona, sobresaíndo a cociña de produtos do mar con receitas tan tradicionais como o polbo, a pescada á galega, ata os pratos galegos máis típicos, como o caldo, a empanada, bacallau con coliflor, xoubas ou ameixas á mariñeira, o lacón con grelos ou a empanada. Dos doces típicos da zona destacan as filloas recheas, a bica de nata ou os melindres de xema. Todo isto regado cun bo albariño da D.O. Rías Baixas subzona do Rosal.

A nivel xeral, a maior concentración de recursos localízase na parroquia de Santa María de Baiona, onde os visitantes que a ela se acheguen poden atoparse, ademais do patrimonio relixioso, cun fermoso casco histórico, cun castelo-fortaleza reconvertido en Parador de Turismo, con pazos e casas grandes, paseos e rotas de sendeirismo, monumentos e numerosos espazos públicos, así como a liña de costa na que se poden gozar do baño en seis areais, e realizar numerosas actividades náutico deportivas grazas á presenza de dous portos deportivos. Ademais a vila non só destaca pola ampla oferta de restaurantes, onde se preparan os pratos máis típicos do concello con especial importancia dos produtos do mar, así como polos establecementos hoteleiros, que poden dar acollida a preto de 430 visitantes diarios e un cámping de máis de 1.600 prazas, senón tamén polo elevado número de establecementos comerciais que se centran na venda de recordos turísticos, así como tendas de roupa e calzado, accesorios, complementos náuticos e bares.

Tamén ten importancia a parroquia de Santa Cristina, onde os que a ela se acheguen se poden gozar da praia máis extensa do concello con 3 km. de lonxitude, así como de diversos elementos



patrimoniais como a ponte da Ramallosa, ou as casas de Cadaval e de Cristo Rei, dispoñendo ademais da única zona de acampada do concello.

Os amantes da natureza poden atopar espazos singulares no interior da parroquia de Baíña, na que se poden atopar os petróglifos da pequena estación rupestre sita neste lugar, xunto con fabulosos miradoiros na serra da Groba, espazos de interese natural e rotas a través do sendeiro das Greas.

A nivel xeral pódese apreciar como o concello presenta un elevado número de infraestruturas xeradas arredor das posibilidades que ofrece a súa costa e as condicións climáticas, estando orientado o concello de forma clara cara un turismo de sol e praia, que se ven apoiadas por unha ampla oferta hostaleira, hoteleira e comercio polo miúdo.

Os recursos patrimoniais e naturais atopados no interior do territorio poden ser aproveitados para a atracción de visitantes, co que axudaría a complementar ás actividades turísticas realizadas na costa ao tempo que se descentralizaría cara outros puntos menos conxestionados. Ademais, a existencia de rutas de sendeirismo xa deseñadas axudan non só a comunicar os distintos recursos, senón tamén a conducir aos visitantes cara estes lugares e mesmo a ofrecer un paquete organizado no que se inclúan rutas e actividades que entreteñan aos turistas.

A isto, habería que engadir o elevado número de actividades lúdicas e culturais que se desenvolven e que pretenden non só manter as tradicións e a cultura popular, senón tamén atraer e compracer aos visitantes. Parte destes eventos xeran un aumento na actividade social e económica do núcleo que as alberga dado o elevado número de visitantes que atrae, como pode ser a Festa da Arribada, considerada de Interese Turístico, a do Carme ou a da Santa Liberata.

Respecto aos restaurantes, a maior parte destes localízanse na vila de Baiona, destacando o de 1 e 2 garfos, onde preparan pratos baseados nos produtos do mar, especialmente en peixes como o bacallau, as xoubas, o polbo e as ameixas, así como os máis tradicionais como o caldo galego, o lacón con grelos ou a empanada.

En conxunto, o concello constitúe un referente turístico a nivel galego, aínda que presenta calidades que lle permite poder diversificar e complementar a súa oferta, incorporando novos espazos e servizos no interior de cara a descentralizar e aumentar a oferta existente, o que redundaría nun beneficio máis equitativo a nivel municipal.

5. ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS

5.1 Planeamento urbanístico vixente

O planeamento vixente na actualidade no concello de Baiona é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado de forma definitiva o 30 de maio de 1994 e aprobado no BOP o 30 de xuño de 1994, publicándose a normativa o 2 de agosto de 1994. Asemade, estivo supeditado a modificacións



puntuais aprobadas o 29 de setembro de 1997, que modificaba o PXOU 30/05/1994, e aprobado de maneira definitiva no DOG do 8 de novembro de 1997; e o 11 de novembro de 1997, que modifica o PXOM 30/05/1994, e aprobado de maneira definitiva no BOP do 21 de novembro de 1997 e no DOG do 5 de decembro de 1997.

Para realizar calquera clase de consulta, o concello pon a disposición dos veciños e interesados un arquitecto que atende nas dependencias municipais da casa do concello todos os martes e xoves, previa cita.

5.2 Infraestruturas de comunicación

A importancia do sector turístico baionés a nivel galego propiciou que dispuxese de boas vías e comunicación co fin reducir o tempo de chegada ao núcleo dende as cidades e vilas máis próximas, Vigo, Pontevedra, etc., ou mesmo das máis separadas como Santiago.

As características do relevo preséntanse como determinantes á hora de situar as principais vías de comunicación, que atravesan o concello polas zonas máis chás, é dicir, pola metade N. e pola franxa litoral. Do mesmo xeito, á influencia da vila de Baiona tamén se deixa notar no deseño das mesmas, ben sexa porque é o lugar de paso obrigado de todas elas ou porque pasa moi preto dela.



A rede de estradas locais non é moi intensa, situándose de forma predominante no contorna da franxa costeira, onde o relevo presenta menores pendentes. O trazado que presentan moitas delas é sinuoso, cun firme irregular e un ancho de vía estreito que dificulta o tránsito rodado.

Á vía de comunicación máis importante, de maior rango, é a autoestrada AG-57, que atravesa o terzo N. do concello cunha dirección L.-O., entrando polo L. da parroquia de Santa Cristina da Ramallosa e atravesando polo N. da de Baiona, polo centro da de Santa María de Afora de Baiona e polo N. da de Baredo, onde remata.

Segue en importancia a estrada comarcal de primeiro orde C-550, que entra no concello polo NL procedente de Nigrán cunha dirección NL.-SO, e sae polo O., cara o concello de Oia, cunha dirección N.-S. O seu traxecto polo municipio efectúase en todo momento paralelo á liña de costa, atravesando o centro da capital municipal.



As estradas de Terceiro Orden tentan conectar a liña de costa co interior do territorio. De entre todas destaca a estrada que parte do núcleo de Baiona e se dirixe cara a parroquia de Belesar, presentando unha dirección N.-S. no seu comezo, O.-L. na súa parte central, e de novo N.-S. no último treito, circulando preto do cumio da serra da Groba. O resto das estradas de 3º Orden localízanse no terzo N. do municipio, conectando os núcleos dispersos coas principais vías de comunicación e coa vila cabeceira municipal.

Destaca a densidade trama que posúe a rede de camiños e pistas que se expanden por todo o termo municipal. Destaca a presenza destas no S. das parroquias de Baredo, Baíña e Belesar, debido á influencia da altitude do relevo, neste caso coa presenza da serra da Groba. Sobresae o volume de pistas no S. da parroquia de Belesar, no contorno do val do río Groba, situado entre a serra da Groba e a serra do Argallo. Así, a nivel xeral, pódese apreciar como as pistas son máis numerosas e extensas naqueles puntos onde o terreo presenta unha maior altitude, sobre todo no S. e L., mentres que no N. son menos frecuentes.

5.3 Centros educativos

O concello de Baiona experimentou un crecemento continuado da súa poboación dende comezos do século XX. Non obstante, este crecemento foi moderado durante a primeira metade dos século XX, sendo máis forte dende mediados de século, especialmente entre o 1950 e o 1981, continuando de maneira máis moderada dende esta última data ata a actualidade.

Froito dun crecemento vexetativo positivo, resultado dunha natalidade máis alta que a mortalidade e dun saldo migratorio positivo. É a presenza de poboación nova dentro do concello a que inflúe na oferta de centros educativos que aínda que non é alta, en canto a número de centros se refire si o é en canto a oferta educativa.

Dentro concello existen dez centros educativos, nove de titularidade pública e un privado. Na parroquia de Baiona é na que se localiza un maior número de centros cun total de catro, incluído o de titularidade privada. Dos centros públicos, un deles só se imparten clases de Educación Infantil, outro da clases de música, mentres que no restante impártense clases de LOXSE, Ciclos formativos de grao superior, Educación adultos, ESO, un Programa experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras, e Programas de garantía social. Pola contra, no único centro privado existente no concello danse clases de Educación Infantil.

As parroquias de Baíña e A Ramallosa dispoñen de dous centros cada unha, nos que se imparten as especialidades de Educación Especial, Infantil e Primaria entre todos eles.

Con só un centro educativo aparecen as parroquias de Baredo (Educación Infantil) e Belesar (Educación Especial, Infantil e Primaria).



Ademais, nos centros educativos que hai no concello hai 20 grupos de educación infantil que van dende os 3 anos ata os 5 anos, cun total de 217 alumnos/as. Esta oferta resulta insuficiente por que non hai ningunha gardería en funcionamento que atenden á poboación de 0 a 3 anos, aínda que o concello ten proxectado por en marcha unha para finais do ano 2006. No concello hai 503 rapaces e rapazas de 0 a 4 anos, segundo datos do Padrón municipal de habitantes do ano 2005.

Non existen neste concello ningún centro de ensino superior vinculado á universidade.

5.4 Servizos sociais

O obxectivo dos servizos sociais é o de servir aos diferentes grupos sociais que presentan problemáticas específicas e que requiren un tratamento axeitado.

O concello de Baiona conta cunha Técnica de Xuventude que asesora e informa nos temas de interese para a xente moza, como son a vivenda, traballo ou a formación; así como a oferta de actividades de ocio (viaxes, exposicións ou conferencias).

Tamén existe un Centro de Atención á Muller, que proporciona asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres. Este centro conta con tres persoas traballadoras: 1 avogado, 1 psicóloga e 1 orientadora.

Asemade, o concello tamén dispón dun Servizo de Atención á Cidadanía, no que se levan a cabo actividades como: Información ao público en xeral e traslado das demandas dos servizos municipais ás respectivas concellaría; Atención a queixas e demandas veciñais; Asesoramento administrativo ás entidades e asociacións veciñais; Xestión dunha base de datos de actividades do Concello e de actividades das entidades e asociacións baionesas; Asesoramento en trámites administrativos a veciños; Información pública das últimas actividades e eventos.

Outro servizo que ofrece o concello son as Oficinas de Servizos Sociais, onde se ocupan de todas aquelas persoas do municipio que se encontren nunha situación máis desfavorecida. Ademais, se presta servizo para atención de maiores, minusválidos, e tamén se ocupa da familia. Este servizo conta con tres persoas traballadoras: 1 auxiliar, 1 traballadora social e 1 educador familiar.

Na comarca do Val Miñor existe un servizo mancomunado que leva á asistencia e asesoramento dos casos de alcoholismo e drogas. Este servizo conta cun só técnico que vai rotando polos concellos da zona.

No referente a servizos dirixidos cara a Terceira Idade, no concello existe un centro social que forma parte da Rede da Xunta de Galicia. En Baiona, no ano 2005, había 1.635 persoas maiores de 65 anos das que o 45,14% pasaba de 75 anos.



Ademais, para avaliar a demanda de servizos sociais no concellos faise necesario coñecer o número de posibles usuarios, entre os que están as persoas que perciben a RISGA e a AES.

- A RISGA (renda de integración social de Galicia) é unha axuda económica asistencial que trata de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns de entre 25 e 65 anos, que aínda que teñen idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes. No ano 2003 había no concello 9 persoas percibindo esta renda e durante o período 2001-2003 medrou en 6 persoas, o que supuxo un crecemento do 15,79%.
- A AES (Axudas de Emerxencia Social) é unha prestación económica, non contributiva, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade. No ano 2003 había en Baiona 1 persoa beneficiaria da axuda.

6. POBOACIÓN E VIVENDAS

A continuación analizaranse os principais datos relacionados coa poboación e a vivenda no concello de Baiona, faranse comparacións cos datos relativos á AMV, coa finalidade de coñecer a representatividade do concello e as súas diferenzas ou similitudes con respecto aos outros concellos que a integran. Noutros casos as comparacións faranse tamén con respecto á provincia de Pontevedra e a Galicia.

Os datos utilizados para a análise proveñen dos publicados polo INE e o IGE, a partir dos que se elaboraron todas as operacións estatísticas incluídas neste estudo socioeconómico. Os datos están estruturados nos seguintes apartados:

- 6 Efectivos poboacionais e evolución demográfica, no que se pretende obter unha visión da actual composición da poboación do concello, tendo en conta o número e súa distribución por sexo, a súa procedencia, así como a súa traxectoria dende o inicio do século XX.
- 7 Estrutura da poboación, atende aos grupos de poboación segundo a idade vendo como o peso destes grupos poden estar determinando o desenvolvemento económico e social, a través da obtención dunha serie de índices.
- 8 Movemento natural da poboación, fixándose nos tres principais fenómenos demográficos: os nacementos, as defuncións e os casamentos, e a súa evolución.
- 9 Movements migratorios, tendo en conta a procedencia e o destino das poboacións migrantes, analizando tamén a súa evolución ao longo do século ata a actualidade.



- 10 Nivel formativo da poboación do concello a partir dos datos publicados no censo de poboación e vivendas do ano 2001, referidos a poboación de 16 e máis anos de idade. Ademais, tomando os datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, verase o último dato de matriculación, en ensino non universitario no concello.
- 11 Por último, o apartado 6, que estuda a composición e principais características da Vivenda no concello.

6.1 Efectivos poboacionais

A) Poboación segundo sexo e distribución parroquial

Segundo o último dato publicado polo INE, a poboación de Baiona en xaneiro de 2005 era de 11.521 persoas, distribuídas segundo sexo en 5.703 homes e 5.818 mulleres. O reparto poboacional tendo en conta o sexo, entre as parroquias que compoñen o concello é o seguinte:

Distribución parroquial da poboación de Baiona segundo sexo
Ano 2005


Parroquia	Poboación total	Homes	Mulleres
Baiña (Santa María)	1746	851	895
Baredo (Santa María)	1058	553	505
Baiona (Santa María de Afora)	1899	946	953
Baiona (Santa María)	2908	1423	1485
Belesar (San Lourenzo)	1158	567	591
Ramalloa (Santa Cristina)	2752	1363	1389
Total	11521	5703	5818

Fonte: INE

A Parroquia máis poboada das 10 que compoñen o concello de Baiona é a de Santa María de Baiona, cunha poboación de 2.908 persoas, repartíndose segundo sexo, entre 1.423 homes e 1.485 mulleres. A seguinte parroquia segundo a súa poboación é a de Ramalloa, cunha poboación de 2.752 persoas, 1.363 homes e 1.389 mulleres. Seguen, con poboacións preto dos dous mil habitantes, Santa María de Afora de Baiona, con 1899, 946 homes e 953 mulleres, e a parroquia de Baiña, cunha poboación de 1746 persoas, que se reparten segundo sexo entre 895 mulleres e 851 homes. Aínda por riba do millar de habitantes están as dúas parroquias restantes, Belesar, que ten 1.158 persoas, 591 mulleres e 567 homes e Baredo, 553 homes e 505 mulleres.




En relación á AMV, a poboación de Baiona, ten un peso do 2,47%, ocupando o noveno lugar entre os concellos, despois de Gondomar (2,72%), en canto a súa representación poboacional sobre a AMV, a moita distancia en relación a Vigo, que representa o 63,08%.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

B) Densidade demográfica

A seguinte gráfica mostra a densidade demográfica, que indica a concentración da poboación por quilómetro cadrado, neste caso comparando a correspondente a Baiona, AMV, Pontevedra e Galicia. A densidade demográfica no concello é de 333,94 hab./Km², sendo a quinto concello coa densidade máis alta da AMV, despois de Nigrán. A densidade de Baiona é de algo menos da metade da correspondente á AMV, que ten unha densidade de 621,39 hab./Km². A densidade demográfica en Baiona é superior á da provincia, que é de 215,86 hab./Km² e máis de 3 veces superior á de Galicia, que é de 93,33 hab./Km².



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


C) Poboación segundo lugar de nacemento e residencia

Tendo en conta a poboación do concello segundo o seu lugar nacemento e residencia, como mostran os datos do Padrón Municipal de Habitantes correspondentes ao ano 2005, a mobilidade da



poboación do concello é alta e moi similar á que se produce a nivel da AMV, Pontevedra e Galicia. Así, o 61,70% da poboación do concello naceu e reside no mesmo, mentres que nos outros territorios compártense valores semellantes, sendo o de Galicia do 60,74%, seguido da AMV, onde o 61,65% da poboación naceu nalgún dos concellos que a integran, e por último, Pontevedra, cun 65,26% que naceu e reside no mesmo concello. Baiona é receptor de poboación procedente doutros concellos pontevedreses, en maior medida que os outros espazos comparados, así o 22,457% da poboación naceu noutro concello pontevedrés, mentres que en Galicia o 22,34% naceu noutro concello da mesma provincia onde reside. A AMV e Pontevedra comparten valores similares entre si, e inferiores aos do concello, en torno ao 16%.

No caso da poboación residente no concello que naceu noutra provincia galega, o valor de Baiona, é inferior á porcentaxe da AMV, 5,40% e 10,02% respectivamente. Por debaixo da AMV, pero aínda representando unha porcentaxe maior que Baiona, está a poboación que reside na provincia de Pontevedra e que naceu noutra provincia galega, 7,45%, e tamén á do conxunto galego, que naceu nunha provincia diferente da que reside, 6,41%.



A porcentaxe de poboación de Baiona residente no concello e que naceu noutra comunidade autónoma representa un 4,47%, sendo inferior aos porcentaxes que lles corresponden á AMV (5,16%) e Galicia (4,71%), e superior ao de Pontevedra, 4,32%.

Por último, a poboación residente e nacida no estranxeiro representa en Nigrán o 5,98% da poboación, situándose por debaixo da AMV, 6,78%, Pontevedra, 6,19%, e algo por riba de Galicia, 5,80%.



Como se desprende dos datos anteriores, Baiona é un concello caracterizado pola acollida de poboación inmigrante, especialmente interna, xa que máis da metade da súa poboación residente no ano 2005, un 38%, naceu foro do concello. Na AMV, Pontevedra e Galicia as porcentaxes son do 38,35%, 34,74% e 39,26%.


D) Poboación segundo nacionalidade

En canto a nacionalidade da poboación do concello, no ano 2001, o 98,14% da poboación de Baiona posuía nacionalidade española e o 1,86% era de nacionalidade estranxeira. As porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, son similares e lixeiramente superiores aos do concello, caso da porcentaxe de persoas de nacionalidade española, 98,43%, 98,59% e 98,70%, respectivamente. Polo tanto, aínda que con valores moi similares, Baiona posúe unha porcentaxe de poboación con nacionalidade estranxeira que supera á AMV, 1,59%, Pontevedra de 1,41% e Galicia de 1,30%. En relación a estes datos hai que ter en conta que dende o censo de 2001, é probable que estes datos teñan variado posto que nos últimos anos a chegada de poboación inmigrantes doutras nacionalidades ten aumentado no conxunto da AMV.

Na procedencia da poboación de nacionalidade estranxeira en Baiona, repártese basicamente entre a de procedencia europea e americana, habendo moi pouca representación africana e asiática. A maioría da poboación estranxeira ten nacionalidade europea, 53,69%, mentres que un 43,36% ten nacionalidade dalgún país americano. A porcentaxe de poboación africana é do 2,46%, e o de nacionalidade asiática é do 0,49%.

Tendo en conta o sexo, a poboación procedente de Europa é maioría feminina, 54,13% fronte ao 45,87% que representan as mulleres de nacionalidade europea. A distribución segundo sexo da poboación procedente de América é de 59,09% as mulleres e 40,91% os homes. A poboación asiática é unicamente dunha muller. E por último, a maioría da poboación procedente de África é tamén feminina, representando o 80.00%, fronte aos homes que son o 20.00%.

Distribución da poboación con nacionalidade estranxeira segundo procedencia. Ano 2001



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




A gráfica anterior mostra as porcentaxes de poboación con nacionalidade estranxeira segundo a súa procedencia en Baiona, AMV, Pontevedra e Galicia. O máis significativo é o feito de que nos outros tres espazos a poboación estranxeira ten maioritariamente a nacionalidade dalgún país americano, cuns valores entornao ao 51% nos tres casos. Mentres que no concello esta porcentaxe é inferior, decantándose máis cara a poboación de nacionalidade europea. Ademais, cabe destacar que a poboación de procedencia africana supón porcentaxes máis altas nos outros tres espazos comparados, na AMV, 8,42%, Pontevedra, 8,94% e Galicia, 7,6%. Así como a poboación asiática, que como en Baiona, ten moi baixa representación, 2,15 na AMV, 1,55 en Pontevedra e 1,81 en Galicia.

E) Evolución demográfica

Segundo os datos da evolución demográfica publicados polo INE e que recollen cifras de poboación de feito dende 1900 ata 1991, aos que lle engadimos os referidos ao Censo do ano 2001¹ e os datos dos Padróns para os anos 2004 e 2005.

Na gráfica a seguir, obsérvase como no concello se produciu un incremento continuado de poboación ao longo do período, máis suave nas primeiras décadas, sendo a partir entre 1.96, cando se produce o primeiro dos incrementos máis significativos, pasando dunha poboación de 7.098 habitantes, a 7.887 no ano 1970. O seguinte censo, no ano 1981, recolle o aumento máis significativo con respecto ao censo anterior, 1.815 persoas, situándose nunha poboación de 9.702 persoas.



Fonte: INE

¹ Segundo nota do INE, os datos referidos á evolución da poboación dende 1900 a 1991 publicados polo INE refírense á poboación de feito, proceden dos censos de poboación elaborados cada 10 anos. Para o período 1986 a 1995 os datos corresponden a poboación de dereito, son anuais e derivanse das renovacións padronais, e das rectificacións padronais para os demais anos. A partir do ano 1996 prodúcese un cambio lexislativo que elimina a distribución entre poboacións de feito e poboacións de dereito. Dende 1996 en diante as cifras de poboación teñen carácter oficial e se refíren ó 1 de xaneiro de cada ano. Nesta análise do concello de Baiona, engádese á evolución publicada polo INE os datos de poboación referidos ao ano 2001, 2004 e 2005.



O crecemento absoluto producido ao longo deste período reflectido na gráfica, do ano 1900 ao 2005, foi de 7.098 persoas. O crecemento relativo foi do 160,48%, que si se compara co da AMV, Pontevedra e Galicia, resulta que é superado unicamente pola AMV, cunha variación do 342,46%, mentres que o crecemento de Baiona supera ao de Pontevedra, 105,20% e Galicia, que foi do 39,37%.

6.2 Estrutura da poboación

A) Pirámide de poboación

A estrutura da poboación por sexo e idade no concello no 2005 exprésase graficamente na pirámide de poboación que se inclúe a seguir e que deixa ver os principais comportamentos poboacionais que están a caracterizar ao concello, como son o seu progresivo avellentamento, expresado polo estreitamento na súa base, debido ao descenso nas taxas de natalidade, e ao aumento da esperanza de vida das poboacións con máis idade. En xeral, este é o proceso que se está a vivir na maioría dos concellos galegos, se ven, nos concellos rurais esta tendencia é moito máis marcada que nos urbanos.


No caso de Baiona, na pirámide obsérvase un estreitamento dende o grupo de poboación máis numeroso do conxunto do concello, o de 25 a 29 anos, e que ten un peso no caso dos homes do 9,94% e do 9,42% no das mulleres, ata a base, sendo o grupo de 5 a 9 anos o de menor peso, 4,44% no caso dos homes e 3,94% no das mulleres. Se ben hai que sinalar que no grupo máis mozo, de 0 a 4 anos, rexístrase unha recuperación da natalidade, que haberá que agardar aos anos vindeiros para confirmar si é ou non unha tendencia. Neste caso, o peso dos homes de 0 a 4 anos é do 4,75% e no das mulleres do 3,94%.

Os grupos máis numerosos, son os que posúen entre 20 e 24 anos e o de 60 a 64 anos, coincidindo coa poboación considerada como potencialmente activa, a porcentaxe de homes de 20 a 64 anos de idade supón o 68,02% e de mulleres o 65,37%.

A partir dos 64 anos de idade, o peso dos grupos poboacionais decrecen, sendo no caso dos homes a porcentaxe de poboación de 65 a máis de 85 anos de 11,99% e no caso das mulleres, e como adoita acontecer, posúen un maior peso, do 16,35%.



Pirámide de poboación de Baiona
Ano 2005




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

B) Distribución da poboación por grandes grupos de idade

En canto á distribución por grandes grupos de idade no concello de Baiona, analizarase separadamente a poboación con nacionalidade española e a de nacionalidade estranxeira, comparando a distribución de cada unha delas no ano 2005.

Distribución da poboación segundo nacionalidade e grandes grupos de idade. Ano 2005



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

A poboación con nacionalidade española, repártese no ano 2005 nas seguintes porcentaxes, a de menos de 16 anos representaba o 14,34%, a de 16 a 64 anos de idade era o 71,27%, mentres que a poboación de máis de 64 anos era o 14,39%. Aínda que Baiona é o espazo cunha poboación menos avellentada dos catro comparados, a distribución é bastante semellante á do espazo metropolitano, onde o 13,88% da poboación ten menos de 16 anos, un 69,83% ten entre 16 e 64 anos de idade e un 16,30% ten máis de 64 anos de idade. No caso de Pontevedra a distribución é a seguinte, 13,76% da




poboación ten menos de 16 anos, un 68,13% ten entre 16 a 64 anos de idade, e un 18,11% ten máis de 64 anos de idade. As maiores diferenzas preséntanse con respecto a Galicia, onde a poboación atópase máis envellecida, xa que a porcentaxe de poboación máis moza, representa unha porcentaxe do 12,21%, a que posúe entre 16 e 64 anos supón o 66,12% e a de máis de 64 anos de idade representa o 21,67%.

En canto á poboación con nacionalidade estranxeira, a distribución da poboación segundo grandes grupos de idade é a seguinte, 16,57% ten menos de 16 anos, o 75,43% ten entre 16 a 64 anos de idade, e un 8,00% posúe máis de 64 anos de idade. Esta distribución amosa unha poboación comparada coa poboación con nacionalidade española, máis moza, e cun peso máis importante da poboación potencialmente activa e moito menor o da poboación maior. Como se observa a diferenza é de case 8 puntos por debaixo da poboación maior con nacionalidade española.

Si comparamos a poboación con nacionalidade estranxeira en relación aos outros espazos comparados, obsérvase que Baiona posúe unha poboación estranxeira lixeiramente máis avellentada, como a continuación se comproba co peso do grupo de poboación maior nestes espazos, que é menor que en Baiona. Así, no caso da AMV, as porcentaxes segundo os grandes grupos de idade son 14,13% para a poboación menor de 16 anos de idade, 80,99% para a de 16 a 64 anos de idade e de 4,88% no caso da poboación de máis de 64 anos. En Pontevedra a distribución é de 14,53% para as persoas de nacionalidade estranxeira menor de 16 anos, de 80,55% para a de 16 a 64 a anos de idade, e de 4,92% a maior de 64 anos. En Galicia, as porcentaxes son para cada un deses grupos de 13,90%, 80,96% e 5,14%.

C) Idade media da poboación




Na gráfica precedente compárase a evolución da idade media da poboación do concello de Baiona coa correspondente á AMV, Pontevedra e Galicia, dende o ano 1998 a 2002. O concello é o que posúe unha idade media máis baixa dos catro espazos comparados, aínda que ao longo do período analizado este indicador aumentara en 2,10 anos. Así, no ano 1998, a idade media era de 36,80 anos, acadando os 38,90 anos no 2002.



O seguinte espazo cunha idade máis baixa é a AMV, 38,52 no 1998 e no 2002 a idade media acadada foi 40,34, aínda que é na AMV onde se produce un menor incremento no indicador entre estes anos, de 1,82. No caso de Pontevedra pasouse do 39,20 anos no 1998 ao 40,90 no 2002, sendo o crecemento de 1,70. Por último, cun indicador máis alto, atópase Galicia, que posuía no ano 1998, unha idade media de 41,60 anos, acadando no 2002 o valor de 43,10, sendo polo tanto a variación de 1,50 anos.

D) Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil

A continuación analizaranse o Índice e dependencia global (IDG), indicador que pon en relación aos grupos de poboación dependentes economicamente co grupo de poboación potencialmente activa, é dicir, as persoas de menos de 20 anos e as de máis de 64 co grupo de poboación con idade comprendida entre 20 e 64 anos.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Na gráfica compáranse os valores do IDG correspondentes a Baiona, AMV, Pontevedra e Galicia, ao longo dun período de 15 anos, dende 1991 ao 2004. O valor correspondente a Baiona no ano 1991 era do 78,64%, é dicir que por cada 100 persoas consideradas potencialmente activas, había 78 persoas dependentes, con idades entre 0 e 19 anos e máis de 64 anos. Este indicador descendeu ata chegar ao valor de 54,29% no ano 2001, cando acadou o valor máis baixo, volvendo a subir, no ano 2004 ata o valor de 59,92%, polo que podemos dicir que o peso da poboación dependente con respecto á poboación potencialmente activa decreceu ao longo destes anos, resultando o valor máis favorable dos catro que se están a comparar.

A AMV posúe valores moi semellantes, sendo o valor correspondente ao ano 1991 do 71,19% e no ano 2004 do 61,50%, sendo o espazo onde se produce un maior descenso no número de persoas dependentes con respecto á poboación activa. Galicia e Pontevedra tiveron traxectorias máis negativas neste indicador, como se observa na gráfica. No caso de Galicia o IDG no ano 2004 é foi de 78,35%, mentres que Pontevedra é o espazo onde este indicador da estrutura da poboación creceu máis, acadando un valor no ano 2004 do 91,09%.



O Índice de Dependencia Xuvenil (IDX), que relaciona a poboación menor de 20 anos coa poboación potencialmente activa, a de 20 a 64 anos de idade, experimentou un descenso moi significativo no concello de Baiona entre 1991 e 2004, pasando do valor 59,57% no ano 1991, ata chegar ao valor de 34,87% no ano 2004, debido ao descenso da natalidade e polo tanto do peso da poboación moza en relación á de 20 a 64 anos de idade.

Evolución dos índices de dependencia xuvenil e senil
1991-2004




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Pola contra, o Índice de Dependencia Senil (IDS), que compara os pesos do grupo de poboación maior de 64 anos co de 20 a 64 anos de idade, como se observa na gráfica, a tendencia é de suave crecemento dende o ano 1991. Nese momento o valor era do 19,08%, incrementándose ata o ano 2004, no que acadou un valor do 25,05%, e que está motivado polo envellecemento da poboación.

E) Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento

O Índice de Recambio da Poboación Activa (IRPA), é un indicador que relaciona a poboación entre 60 e 64 anos e a comprendida entre os 20 e os 24 anos, e que explica a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que abandonan o mercado de traballo ao acadar a idade da xubilación.

Comparación do índice de recambio da poboación
activa



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Na gráfica precedente, compáranse os valores correspondentes a Baiona, AMV, Pontevedra e Galicia, ao longo dun período que vai dende 1991 ao ano 2004. No caso do concello o IRPA experimentou unha serie de oscilacións, sendo o saldo ao final do período de un crecemento, de




10,97%, do peso da poboación de 60 a 64 anos en relación á de 20 a 24. No ano 1991, o IRPA en Baiona era do 50,80%, acadando o valor de 61,77% no ano 2004, polo que a capacidade de substitución da poboación que vai abandonado o mercado de traballo empeorou significativamente ao longo destes anos.

A traxectoria deste indicador na AMV é similar, xa que o indicador experimentou un crecemento de 9,13 puntos, entre estes anos. Así, no ano 1991, o valor era do 53,61%, acadando o valor do 62,74% no ano 2004.

Os valores pertencentes a Pontevedra son máis altos, así no ano 1991 correspondíalle un IRPA do 60,19%, aumentado ata o 64,22% no ano 2004. En Galicia no ano 1991 era do 75,74%, onde a variación do indicador foi a menos marcada, xa que no ano 2004 o valor correspondente a o IRPA era do 75,81%, sendo a capacidade de substitución da poboación que vai abandonando o mercado de traballo é moito menor, en torno aos 15 puntos por debaixo da de Baiona.

Outro dos indicadores sobre a estrutura da poboación é o Índice de envellecemento, que explica a relación entre a poboación menor de 20 anos e a maior de 64. Como se mostra na gráfica, este Índice tivo un aumento de 32,50 puntos en Baiona, entre os 1991 e 2001, pasando do 32,03% do ano 1991 ao 64,53% no ano 2001.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Sen embargo, se o comparamos con os outros espazos incluídos na gráfica, obsérvase, novamente que o concello posúe unha poboación máis moza que os demais espazos comparados. Así, en relación aos datos correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, obsérvase que en tódolos territorios aumentou a proporción de poboación maior con respecto á poboación moza en maior medida que en Baiona, ademais de que os valores de partida, agás no caso da AMV, eran máis altos que no concello. Así, no ano 1991 o índice de envellecemento na AMV era do 37,74%, experimentado un aumento moi significativo no ano 2001 (do 41,24%), no que o índice acadou o valor de 78,98%. O aumento experimentado en Pontevedra foi de 43,73 puntos, pasando do 45,06 do ano 1991 ao 88,79% no 2001. No caso de Galicia, o aumento é aínda máis marcado, sendo o peso da poboación maior con respecto á moza moi significativo. Así, o aumento que experimentou Galicia entre estes 10 anos foi de 56,72 puntos, pasando do 62,26 do ano 1991, ao 118,98 no ano 2001.



O Índice de sobreenvellecemento é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64. A traxectoria deste indicador é similar á experimentada polo índice de envellecemento. A gráfica mostra o aumento producido entre os anos 1991 e 2001 neste indicador no concello, que foi o máis baixo dos catro analizados, de 1,10 puntos. Así, o Índice de sobreenvellecemento pasou dun valor de 9,62% no ano 1991 a o 11,59% no ano 2001. A AMV tiña no ano 1991 un índice de sobreenvellecemento do 7,90%, acadando o valor de 9,95% no 2001. Pontevedra e Galicia teñen valores máis altos, tanto no ano 1991, 8,73% e 9,20% respectivamente, como no ano 2001, onde Pontevedra acadou o valor de 10,84% e Galicia o 11,49%, sendo o aumento respectivo entre estes dous anos de 2,11 e 2,29 puntos.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

6.3 Movemento natural da poboación


A) Nacementos, casamentos e defuncións

O estudo do movemento natural da poboación nun territorio basease na análise dos nacementos, dos casamentos e das defuncións. Na gráfica que se inclúe a continuación, obsérvase a evolución destes tres fenómenos demográficos no concello de Baiona entre os anos 1997 e o 2003 e en termos absolutos.

No caso dos nacementos, producíronse algunhas oscilacións, sendo o saldo para este período positivo, aumentando en 2 o número de nacementos, así se pasou dos 89 nacementos do ano 1997 aos 91 do ano 2003.

O número de defuncións creceu en 21, pasando de 110 no ano 1997 a 131 no ano 2003.






Fonte: movemento natural da poboación. IGE e INE

Os casamentos, tamén aumentaron, sendo o saldo do período de 8. No ano 1997 rexistráronse 47 casamentos, mentres que no ano 2003, o número de casamentos rexistrado no concello foi de 55.

B) Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade

A análise das taxas correspondentes a este tres fenómenos permiten dimensionar a súa incidencia no concello ademais de realizar comparacións con respecto os valores correspondentes a AMV, Pontevedra e Galicia.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A Taxa Bruta de Natalidade (TBN), que mide o número de nacementos por cada mil habitantes, foi no ano 1998 en Baiona de 8,04‰. Dende ese ano a taxa de natalidade experimentou algunha variación á baixa, acadando o valor máis alto no 2000, 9,68‰. A partir dese ano comezou a decrecer, ata acadar o valor de 8,70‰ no ano 2003.

Ademais, aí que sinalar que Baiona é o espazo dos catro comparados con taxas máis altas, como se observa na gráfica, sendo superior a súa taxa ao longo do período analizado, agás no último ano que xa é superado pola AMV. Este espazo, cunha taxa que tamén experimentou un pequeno aumento, sendo no ano 1998 do 8‰, e acadando o valor de 8,98‰ no ano 2003. Pontevedra, que posuía unha taxa do 7,81‰ no ano 1998, acadou o 8,58‰ no 2003. Galicia, experimentou unha pequena



recuperación do indicador, aínda que posúe os valores máis baixos, así, a taxa no ano 1998 era do 6,80‰ aumentando ata o 7,37‰ no ano 2003.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A evolución nos casamentos no concello de Baiona, medida pola Taxa Bruta de Nupcialidade (TBNup) experimenta un lixeiro cambio negativo, como se observa na gráfica anterior, producíndose un decrecemento de -0,62 puntos entre o 1998 e o 2003, similar ao experimentado nos espazos comparados. Así no ano 1998 a taxa era de 5,55‰, no ano 2003 acadou o valor de 4,93‰. Aínda que o valor descendeu en Baiona, mantívose por riba dos valores correspondentes aos outros espazos. Na AMV pasouse dun valor do 5,05‰ no ano 1998 ao 4,69‰ no 2002. No caso de Pontevedra, do 4,87‰, ao 4,58‰ e en Galicia, do 4,37‰ ao 4,21‰.

Na Taxa Bruta de Mortalidade (TBM), que reflexa o número de mortes por cada mil habitantes, obsérvase como en Baiona este fenómeno experimenta variacións, sendo o saldo positivo ao final do período, cun aumento de 0,64 puntos. Así, no ano 1998, a taxa de mortalidade era do 7,85‰, chegando ata o 8,49‰ defuncións por cada 1000 habitantes no ano 2003..

Na AMV a taxa de mortalidade decreceu moderadamente, correspondéndolle un valor no ano 1998 do 7,60‰ e un 7,52‰ no ano 2003. Pontevedra, cunha taxa lixeiramente superior á da AMV, pasou do 8,69‰ do ano 1998 ao 9,03‰ no 2003. Galicia é o territorio analizado con taxas de mortalidade máis altas, sendo a taxa do ano 1998 do 10,31‰ e que no 2003 foi do 10,36‰.






Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

C) Saldo vexetativo

O saldo ou crecemento vexetativo da poboación é a diferenza entre os nacementos e as defuncións producidas nunha poboación nun período determinado, neste caso expresado por mil habitantes. Saldo con valores negativos, tradúcense en maior número de defuncións que nacementos, saldo positivos, polo tanto, responden a un maior número de nacementos en relación ás defuncións.

Como se observa na gráfica a seguir, o saldo vexetativo en Baiona, tivo un crecemento negativo durante o período analizado, situándose case ao nivel de Galicia e sendo a AMV, o único espazo que mantivo valores positivos. No ano 1998, Baiona partía dun valor do 0,19‰, mentres que no ano 2003, o valor acadado foi do -3,09‰. É salientable o descenso producido con respecto ao ano anterior, xa que no 2002, Baiona tiña acadado con respecto aos anos 2001, o saldo positivo máis alto do período analizado, 3,49‰ e ao ano inmediatamente anterior, de 2,00‰.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Pola contra, o saldo vexetativo na AMV, aumentou entre os dous anos de referencia, así no ano 1998 o saldo era de 0,40‰, incrementándose lixeiramente no ano 2003 ata ó valor de 1,46‰. No caso de Pontevedra, presenta saldos negativos durante o período, que van do -0,88‰ do 1998 ó -0,44‰ do ano 2002. Os valores correspondentes a Galicia, máis baixos que os de Pontevedra, experimentan



tamén un pequeno aumento neste período de análise, pasando do -3,50% do ano 1998 ó -3,46% do ano 2002.


6.4 Movementos migratorios

O estudio das características dunha poboación e o seu comportamento ao longo do tempo, analízase a través do seu movemento natural, realizado no apartado anterior, xunto cos movementos migratorios. Na análise tómake a Estatística de Movementos Migratorios que elabora o IGE a partir da Estatística de Variacións Residenciais do INE, resultado das altas e baixas rexistradas nos padróns municipais. Segundo o IGE, o concepto de migración é equivalente ao do cambio de concello de residencia.

A) Emigración

Comezando pola análise da emigración, que se refire, nun determinado ámbito xeográfico ás migracións que teñen orixe nese ámbito e destino fora do mesmo. Dentro do concepto de emigración diferenciaremos ás emigracións internas e as externas. As primeiras son aquelas que teñen orixe nun concello de Galicia e destino noutro concello da comunidade. As emigracións externas son aquelas que teñen destino fora da comunidade autónoma, diferenciando entre as que son cara o resto de España ou ó estranxeiro.

Analizando a evolución do fenómeno da emigración en Baiona, entre os anos 1990 e 2004, representado na gráfica, obsérvase cómo experimentou unha serie de variacións ao longo do período, aínda que a tendencia clara foi de aumento, así no ano 1990 o número absoluto de emigrantes no concello foi de 125 persoas, e no ano 2004 a número chegou ata 337. Na gráfica obsérvase algunhas variacións ao longo do período, sendo o ano onde se rexistra o número de emigrantes máis baixo o ano 1991, cun total de 58 persoas, a partir dese ano, a pesar das oscilacións, a emigración foi aumentando en Baiona.




Fonte: elaboración propia partir de datos do IGE

Como se observa na gráfica seguinte, na que se reflicte a evolución da emigración no conxunto da AMV, no mesmo período que en Baiona, pódese dicir, que a traxectoria é moi similar, sendo a



característica principal, a do crecemento constante. No caso da AMV, pasouse dun número de emigrantes no ano 1990 de 4.834 persoas, a 11.835 no ano 2004.



A continuación tense en conta o destino destas emigracións para diferenciar entre as internas, é dicir, as que teñen como destino outro concello galego, dentro ou fora da provincia de Pontevedra, e a emigración externa, a outra comunidade autónoma ou ao estranxeiro, neste caso, compararemos os valores de Baiona cos da AMV, a provincia e Galicia.

Como se observa nas porcentaxes incluídas no cadro a seguir, a maioría da poboación emigrante en Baiona o fai internamente, un 72,11% fronte ao 27,89% que o fai con destino fora de Galicia. As porcentaxes para os outros tres territorios de referencia son similares, sendo a emigración interna a maioritaria, aínda que as porcentaxes da AMV, Pontevedra e Galicia, son menores aos de Baiona, representando o 67,76%, 68,50 e 71,68%, respectivamente. Polo que a emigración externa ten un maior peso nestes tres espazos que no caso do concello.

A emigración interna cara a provincia representa no concello o 89,91%, sendo do 10,29% a porcentaxe de persoas que emigran cara outra provincia galega. A poboación que decide emigrar a algún concello da mesma provincia é no caso da AMV do 82,30%, en Pontevedra do 80,53% e en Galicia do 81,84%. E a poboación que decide emigrar a outra provincia galega no caso da AMV representa o 17,70%, en Pontevedra o 19,47% e o 18,16% en Galicia.

A emigración externa, que como xa se sinalou representa o 27,89% do total da emigración en Baiona, está moi marcada pola que emigra cara outra comunidade autónoma, 88,30%, sendo a que emigra cara ao estranxeiro unicamente do 11,70%. As porcentaxes nos outros tres territorios tamén están moi marcadas pola maioría da poboación que emigra cara outra comunidade autónoma. Así, na AMV o 9,24% das persoas que emigran fora de Galicia o fan ademais ao estranxeiro, e un 90,76% o fai a outra comunidade autónoma. As porcentaxes en Pontevedra son 9,81% para a poboación que emigra ao estranxeiro, fronte ao 90,19% que o fai cara outra comunidade autónoma. E por último, en Galicia, a porcentaxe que emigra ao estranxeiro é de 10,76% mentres que cara outra comunidade autónoma o fai o 89,24%.



Emigración segundo tipo e porcentaxes de representación.
Ano 2004


Orixe	Emigración interna			Emigración externa			Total
	Á mesma provincia	A outra provincia de Galicia	Total	A outra CCAA	Ao Estranxeiro	Total	
Baiona	218	25	243	83	11	94	337
	89,91%	10,29%	72,11%	88,30%	11,70%	27,89%	100%
AMV	6621	1424	8045	3456	352	3808	11873
	82,30%	17,70%	67,76%	90,76%	9,24%	32,07%	100%
Pontevedra	13323	3221	16544	6862	746	7608	24152
	80,53%	19,47%	68,50%	90,19%	9,81%	31,50%	100%
Galicia	46903	10409	57312	20208	2437	22645	79957
	81,84%	18,16%	71,68%	89,24%	10,76%	28,32%	100%

Fonte: INE, Estatísticas de variacións residenciais. IGE

B) Inmigración

A continuación analizaremos a inmigración seguindo o mesmo esquema que no caso da emigración. Tomando novamente a definición do IGE, as inmigracións para un ámbito xeográfico determinado son aquelas migracións con destino nese ámbito xeográfico e orixe fora do mesmo.

Evolución da inmigración
Anos 1990 a 2004




Fonte: IGE

Comezaremos pola análise da evolución da poboación inmigrante entre o período de 1990 a 2004 no concello. De forma semellante ao acontecido no caso da emigración, a inmigración experimentou variacións ao longo do período sinalado, como se observa na gráfica axunta, aínda que a tendencia experimentada foi dun claro aumento no número de persoas que ao longo dos 15 anos analizados fixaron a súa residencia no concello de Baiona. No ano 1990 o número de persoas que se asentaron



en Baiona foi de 114, mentres que no ano 2004 o número total de persoas inmigrantes chegadas ao concello foi de 506.

En relación a evolución do fenómeno inmigratorio na AMV, é interesante sinalar o feito de que ambos territorios posuiron traxectorias moi semellantes, aínda que o inicio da etapa de máis aumento no número de inmigrantes, é anterior, en torno ao ano 1997, como se observa na gráfica correspondente ao territorio metropolitano.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A continuación analizarase a inmigración atendendo a súa procedencia, como no caso da emigración, estudarase a inmigración interna, diferenciando a que procede da mesma provincia daquela que ten orixe noutra provincia galega, e a inmigración externa, esta é a que procede doutra comunidade autónoma e do estranxeiro. Os datos son os correspondentes ao 2004.

**Número de persoas inmigrantes e taxa de representación.
Ano 2004**

Orixe	Inmigración interna			Inmigración externa			Total
	Da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Total	Doutra CCAA	Do Estranxeiro	Total	
Baiona	304	37	341	96	69	165	506
	89,15%	10,85%	67,39%	58,18%	41,82%	32,61%	100%
AMV	5994	1635	7629	2778	3820	6598	14227
	78,57%	21,43%	53,62%	42,11%	57,89%	43,38%	100%
Pontevedra	13323	3314	16637	5966	7145	13111	29748
	80,08%	19,92%	55,93%	45,50%	54,50%	44,07%	100%
Galicia	46903	10409	57312	18331	19366	37697	95009
	81,84%	18,16%	60,32%	48,63%	51,37%	39,68%	100%

Fonte: INE, Estadísticas de variacións residenciais. IGE



A inmigración interna en Baiona supón o 67,39% do total da inmigración, sendo o 32,61% a poboación que conforma a inmigración externa, provinte doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro. Existen diferenzas salientables en canto ao reparto entre inmigración interna e externa en relación á AMV e Pontevedra e Galicia, en relación ao feito de que a porcentaxe de poboación que inmigra dende a mesma provincia é maior no concello que nos outros espazos, onde a inmigración externa adquire maior peso.

Na AMV a inmigración interna é do 53,62%, e de 55,93% en Pontevedra, e de 43,38% e do 44,07%, respectivamente, para a inmigración externa. No caso de Galicia, con valores máis próximos a Baiona, as porcentaxes son do 60,32% no caso da inmigración interna e do 39,68% no da externa.

A procedencia da inmigración interna no caso do concello de Baiona, obsérvase como a grande maioría da poboación o fai dende a mesma provincia de orixe, en termos absolutos 304 persoas, que supoñen o 89,15%, fronte ás 37 persoas, o 10,85%, que proveñen doutra provincia galega. Nos outros tres territorios incluídos na análise, as porcentaxes que representan a inmigración interna procedente doutra provincia galega están en torno ao 20%, moi por riba de Gondomar, e, en torno ao 80% a proporción de poboación que inmigra dende algún concello da mesma provincia.

En canto á procedencia da inmigración externa, Baiona recibe a maioría da súa poboación inmigrante doutra comunidade autónoma, 58,18%, mentres que o 41,82% provén do estranxeiro. As porcentaxes para os dous tipos de inmigración externa teñen un reparto similar nos caso dos outros tres territorios. Así, na AMV a porcentaxe de persoas inmigrantes doutras comunidades autónomas é de 42,11% e de 57,89% do estranxeiro. No caso de Pontevedra a distribución é de 45,50% doutras comunidades autónomas e 54,50% do estranxeiro. En Galicia, a porcentaxe de persoas inmigrantes que chegan doutras comunidades autónomas é de 48,63%, mentres que as que veñen do estranxeiro representan o 51,37%.

C) Saldo migratorio

De seguido, analizarase o saldo migratorio (no sucesivo, SM), que segundo o IGE, para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o total de inmigrantes e o total de emigrantes. Se o saldo migratorio posúe valores positivos indica que as entradas de poboación superan ás saídas, e ao contrario se é negativo. Tomaranse como anos de análise o 1992 e o 2003 e atenderase ao saldo migratorio interno e externo, segundo o esquema seguido anteriormente no estudio da emigración e a inmigración, diferenciando entre o saldo interno na mesma dentro da provincia e o saldo migratorio interno co resto e Galicia. Tamén se considerará o saldo migratorio externo con outras comunidades autónomas e co estranxeiro.

Os valores incluídos no cadro, mostran como en Baiona, entre no ano 1992 como no 2003, produciuse unha variación moi significativa no saldo migratorio, pasando dun valor que xa era



positivo no ano 1992, 36, a un valor do 373 correspondente ao ano 2003, o que se traduce nun claro aumento da inmigración en relación á emigración neste período de 11 anos.

Os saldo migratorio interno experimentou unha traxectoria semellante. Pasando dun valor do 32 no ano 1992 a un valor do 197 no ano 2003. O saldo interno intraprovincial medrou tamén neste período, pasando do 40 no 1992 ao 86 no ano 2003. O saldo interno con Galicia, o único negativo dos recollidos en ambos anos, era de -8 e no ano 2003, acadou o valor de -7.

No caso do saldo migratorio externo tamén se incrementou positivamente, pasouse dun valor do 4 no ano 1992 ao 176 no 2003, o que se traduce nunha maior cantidade de persoas que veñen residir ao concello con respecto ás que o deixan dende fora de Galicia e especialmente con orixe no estranxeiro, xa que o saldo migratorio externo con España experimentou un crecemento absoluto de 55 no período analizado, pasando dun valor do 4 no ano 1992, a un valor do 59 no ano 2003, mentres que no caso do saldo migratorio co estranxeiro, o aumento foi maior, de 117, no ano 1992 se contaba cun valor do 0, mentres que no ano 2003, o saldo acadado foi de 117.

Saldos Migratorios, internos e externos.
Anos 1992 e 2003


Tipo de Saldo Migratorio	Baiona		AMV		Pontevedra		Galicia	
	1992	2003	1992	2003	1992	2003	1992	2003
SM Total	36	373	3397	9751	30821	68402	-21916	-53092
SM Interno	32	197	1927	4456	18440	41944	-18209	-41888
SM Interno Intraprovincial	40	86	1283	3402	15024	34642	-15024	-34642
SM Interno con Galicia	-8	-7	644	1054	3416	7302	-3185	-7246
SM Externo	4	176	1470	5295	1759	4079	6915	11175
SM Externo con España	4	59	844	1518	-49	-1274	607	-3627
SM Externo co Estranxeiro	0	117	626	3777	1808	5353	6308	14802

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Como se recolle na táboa, o saldo migratorio na AMV e Pontevedra posúe valores positivos nestes dous anos de referencia, igualmente acontece en toda a tipoloxía de saldos migratorios reflectida na mesma. A única excepción corresponde a Pontevedra, que ten saldo migratorio negativo de tipo



externo con España nos dous anos, é dicir, que o número de persoas que emigraron da provincia de Pontevedra cara España no ano 1992 foi maior que os que inmigraron en 49 persoas e, no ano 2003 en 1274. No caso do conxunto galego entre estes dous anos os valores resultan positivos, de xeito que a poboación emigrante seguiu superando a inmigrante. E nos saldos migratorios externos do conxunto galego, a situación é a contraria, xa que nestes dous anos tódolos saldos migratorios recollidos teñen valores positivos, a excepción do saldo migratorio externo con España do ano 2003, que obtén un valor negativo, de - 3627. Sen embargo co estranxeiro o saldo segue a ser positivo. Este feito a nivel de Galicia está influído polo aumento da poboación emigrante retornada que está acadando nestes últimos anos un peso significativo na comunidade autónoma, así os saldo externos co estranxeiro nestes dous anos analizados obtiveron valores do 6308 no 1992 e de 14802 no 2003.



Para finalizar co estudo dos movementos migratorios en Baiona, a continuación analizarase a taxa de crecemento migratorio, que se define como a diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes con respecto a poboación total nun período determinado por cada 1.000 habitantes, de xeito que os valores positivos implican que a inmigración é maior que a emigración, polo tanto, valores negativos indican que as saídas de poboación superan ás entradas. Tomando este indicador é posible comparar cal é o comportamento dos movementos migratorios no concello en relación a AMV, Pontevedra e Galicia.

A gráfica representa que no ano 1991 o número de persoas emigrantes superaban ás inmigrantes, cunha taxa de -3,46% no concello, sendo o único espazo cun valor negativo, xa que os valores eran, 1,39% na AMV, Pontevedra tiña un valor do 1,04%, e 1,25% no conxunto galego. No seguinte ano incluído na gráfica, 2001, a taxa aumenta considerablemente no concello, acadando un valor positivo, chegando ao 5,43%, mentres que na AMV, Pontevedra e Galicia tamén aumentou aínda que de xeito máis moderado, cuns valores do 3,88%, 3,11% e 2,62%, respectivamente. No ano 2003, o concello experimenta un forte decrecemento acadando o valor de -20,26%. Mentres, na AMV, Pontevedra e Galicia a taxa seguiu crescendo positivamente, dun xeito moito máis suave, correspondéndolle os seguintes valores respectivamente, 4,29%, 4,46% e 4,06%. No último ano incluído na gráfica Baiona, mantén taxa de crecemento migratorio negativo, aínda que recupera o



valor con respecto ao ano 2003, -14,91%. Os outros espazos, aínda que tamén seguen medrando, continuaron tendo valores moi por enriba dos correspondentes ao concello, a AMV, 5,14%, Pontevedra 6,01% e Galicia, 5,47%.

6.5 Nivel de formación da poboación

A seguir, analizarase o nivel de formación da poboación a través das estatísticas extraídas do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, publicado polo INE e explotada polo IGE. Ademais, para o ensino non universitario, tomaranse datos publicados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A) Nivel de estudos da poboación

En canto ao nivel de estudos da poboación, tómasse a estatística do censo do 2001 que recolle a poboación de 16 e máis anos en vivendas unifamiliares, segundo o sexo e o nivel de estudos, o cadro a seguir, mostra as porcentaxes correspondentes, para o conxunto da poboación de Baiona e como se reparte a mesma entre homes e mulleres.

Os datos incluídos na seguinte táboa, reflicten cómo un 1,84% da poboación de Baiona non sabe ler nin escribir, sendo a porcentaxe de mulleres nesa situación significativamente maior á dos homes, 72,19% e 27,81% respectivamente. A porcentaxe de poboación que non acadou os 5 anos de escolarización foi do 10,32% da poboación, neste caso tamén superan as mulleres aos homes aínda que dun xeito algo menos significativo, 61,31% de mulleres, e 38,69% os homes. O 34,38% da poboación non completou o Bacharelato elemental, ESO ou EXB. Neste nivel educativo o reparto é moi igualitario entre homes e mulleres, 49,73% e 50,27% respectivamente. A poboación que completou este nivel educativo representa un 25,94%, sendo a porcentaxe de homes do 51,41% e o das mulleres do 48,59%. No seguinte nivel de estudos, Bacharelato superior, BUP/LOXSE, COU/PREU, encóntrase unha porcentaxe de poboación xa máis baixo, 12,03%.

No seguinte nivel contemplado, FPI, no que se encontra un 2,77% da poboación, as porcentaxes están moi igualadas, aínda que é maioría a poboación masculina, 51,57%. No caso do FPPII, cun 4,19% da poboación total, o reparto entre os sexos é moi similar, sendo a porcentaxe masculina do 52,86% e o feminino do 47,14%.

Nos niveis de estudos superiores, onde se atopan porcentaxes de poboación máis baixas, as mulleres son maioría significativa con respecto aos homes no caso do nivel de Diplomatura, Arquitectura e Enxeñería técnica (3,88% da poboación), 59,83% fronte ao 40,17% da poboación masculina. No caso do nivel de licenciatura, onde se atopa un 4,54% da poboación, a distribución segundo sexo é favorable aos homes, 51,92%, correspondéndolle ás mulleres a porcentaxe do 48,08%. E xa por último, en nivel de doutoramento (0,19% da poboación), a distribución é a seguinte, 0,33% as mulleres e un 0,67% os homes.



Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo en Baiona (%)
Ano 2001

Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Non saben ler nin escribir	1,84%	27,81%	72,19%
Menos de 5 anos de escolarización	10,32%	38,69%	61,31%
Sen completar bacharelato elemental, ESO ou EXB	34,38%	49,73%	50,27%
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	25,94%	51,41%	48,59%
Bacharelato Superior BUP/LOXSE, COU/PREU	12,03%	51,91%	48,09%
FPI, FP grao Medio, Oficialía industrial	2,77%	51,57%	48,43%
FPII, FP Grao Superior, Mestría Industrial.	4,19%	52,86%	47,14%
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	3,88%	40,17%	59,83%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	4,54%	51,92%	48,08%
Doutoramento	0,19%	0,67%	0,33%


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE67

B) Taxa de analfabetismo

O analfabetismo da poboación mídese como a porcentaxe de poboación que sobre o total dun territorio determinado, non sabe ler nin escribir. Nesta ocasión analizarase o analfabetismo no concello, comparándoo coas porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, e tendo en conta a distribución entre sexos, neste caso sobre o total da poboación, xa que no apartado anterior, observouse como se distribúe entre a poboación masculina e a feminina o analfabetismo (poboación que non sabe ler nin escribir).

En Baiona a taxa total de analfabetismo no ano 2001 era de 1,84%, representando en termos absolutos a 169 persoas. Como na maioría dos concellos, o analfabetismo ten maior incidencia entre a poboación feminina, repartíndose a taxa total entre sexos do seguinte xeito, un 1,05% para os homes, case 2,5 puntos por debaixo da taxa que posúe a poboación feminina, do 2,60%. O número absoluto de homes era de 47, e o das mulleres de 122.





Na anterior gráfica compáranse as taxas de analfabetismo total e as feminina e masculina sobre o total da poboación no concello, AMV, Pontevedra e Galicia. Como se observa, o analfabetismo en Baiona é superior á AMV e a Pontevedra, estando unicamente por debaixo do valor correspondente a Galicia, que é do 2,05. A de Pontevedra é de 1,82% e a maior distancia establécese con respecto á AMV, que era do 1,59%.

A maior diferenza atópase ao analizar ás taxas segundo sexo en relación á poboación total. A poboación feminina é a que posúe as taxas máis altas nos catro territorios. Como acontece en Baiona, a porcentaxe de mulleres cun nivel educativo de analfabetismo con respecto ao total da poboación é superior á dos homes, no caso da AMV a porcentaxe é do 2,35%, en Pontevedra o 2,65% e en Galicia o 2,98%. Neste caso, a taxa de analfabetismo feminina en Baiona, 2,60%, é superada por Galicia e tamén Pontevedra.

No caso dos homes, sen embargo, o concello ten unha situación de maior incidencia do analfabetismo que nos outros tres territorios. As porcentaxes pertencentes á AMV, Pontevedra e Galicia son de 0,75%, 0,89% e 1,03%, respectivamente.

Segundo os datos do Censo de 2001, das 176 persoas de nacionalidade estranxeira censadas en Baiona, 99 mulleres e 77 homes, ningunha delas se atopaba en situación de analfabetismo.

C) Tipo de estudos da poboación

A seguinte táboa ofrece datos sobre a porcentaxe de poboación de 16 anos e máis en vivendas familiares con nivel de estudos clasificables segundo tipo para o total da poboación do concello así como a súa distribución por sexo, no ano 2001. Os datos mostran que hai dúas categorías maioritarias, a de Ciencias sociais, 25,93% da poboación, e Formación técnica e industrias, 19,17%. Na primeira son maioría as mulleres, 58,97%, fronte aos homes, 41,03%, e na segunda son maioría os homes fronte ás mulleres, sendo tamén maior a diferenza entre ambos sexos, 87,87% e 12,13%, respectivamente. O terceiro tipo de estudo maioritario é o de Saúde e servizos sociais, representando un 13,11% do total da poboación. Neste caso, son maioría as mulleres, 74,19%, fronte



aos homes, 25,81%. Cunha porcentaxe moi similar segue a poboación cun tipo de estudos encadrados dentro da categoría Maxisterio e educación infantil, con 12,05% da poboación. As mulleres representan nesta categoría o 69,01%, mentres que os homes son o 30,99%. Como acontece noutros concellos, as mulleres están formadas en estudos que as capacitan para realizar actividades que teñen que ver cos servizos sociais e á comunidade, en maior porcentaxe que os homes, máis especializados en estudos relacionados coa industria e ocupacións técnicas. Así, ademais do reparto entre sexo visto nas anteriores categorías, no caso dos estudos de enxeñerías, cunha porcentaxe de poboación do 4,16%, os homes representan o 84,75%, e as mulleres, un 15,25%.

Por último, cabe salientar o feito de que unicamente un 0,99% da poboación posúe estudos encadrados dentro do tipo agricultura, gandería, pesca e veterinaria, sendo o reparto entre sexos o seguinte, 85,71% os homes e 14,29% as mulleres.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo sexo en Baiona (%)
Ano 2001

Tipo de estudos	Total	Homes	Mulleres
Dereito	3,66	50,00	50,00
Maxisterio e educación infantil	12,05	30,99	69,01
Ciencias sociais	25,93	41,03	58,97
Artes e humanidades	5,00	25,35	74,65
Informática	2,68	44,74	55,26
Enxeñerías	4,16	84,75	15,25
Formación técnica e industrias	19,17	87,87	12,13
Ciencias	3,95	39,29	60,71
Arquitectura e construción	2,04	62,07	37,93
Agricultura, gandería, pesca e veterinaria	0,99	85,71	14,29
Saúde, servizos sociais	13,11	25,81	74,19
Outros servizos	7,26	43,69	56,31


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

D) Lugar de estudo da poboación

O seguinte cadro, amosa o lugar de estudo da poboación de Baiona non ocupada de 16 anos e máis, tendo en conta o sexo no ano 2001. Preto da metade da poboación, 48,27%, estuda noutro concello



pontevedrés, mentres que un 36,83% o fai no mesmo concello. Nestes dous casos, obsérvanse diferenzas con respecto aos outros tres territorios, especialmente con respecto á AMV, onde o 65,18% estuda no seu concello de residencia, e un 17,41% noutro concello da provincia. No caso da poboación que estuda noutra provincia, en Baiona a porcentaxe é do 10,60%, moi similar á AMV, onde o fai un 11,11%, e por debaixo de Pontevedra onde o fai un 16,72%, e de Galicia, cun 13,53%.



En canto á poboación que estuda noutra comunidade autónoma, Baiona posúe a porcentaxe máis baixa dos 4 comparados, correspondéndolle un 2,73%, sendo as porcentaxes correspondentes a AMV, Pontevedra e Galicia moi similares, 2,86%, 2,87% e 2,98%, respectivamente. O mesmo acontece coa poboación que estuda no estranxeiro, neste caso ningunha das porcentaxes acada o 1%, sendo o correspondente a Gondomar do 0,84%, de 0,81% na AMV, 0,93% en Pontevedra, e de 0,87 en Galicia.

E) Educación non universitaria

No curso académico 2003/2004, Baiona contaba con 351 alumnos e alumnas matriculados en ensinanza non universitaria, dos cales, 332 o facían en centros públicos, mentres que 19 estudaban en centros privados.


O reparto desta poboación segundo etapas educativas concéntrase principalmente na educación primaria e secundaria, con porcentaxes de 39,89% e 35,61%. No primeiro caso as porcentaxes da AMV, Pontevedra e Galicia, atópanse en torno aos 6 puntos por debaixo, e no da educación secundaria, en 8 puntos por debaixo. Nestes dous niveles educativos, a totalidade da poboación atopábase matriculada en centros da rede pública, 140 persoas no caso da primaria, e en secundaria, 125 persoas.

A porcentaxe de poboación na etapa de educación infantil era do 22,79%, algo máis de 7 puntos por enriba dos outros espazos, e o reparto entre centros públicos e privados era tamén maioritario na rede pública, das 80 matrículas, 61 eran en centros públicos, e 19 en privados.



A poboación matriculada en ensinanza de secundaria postobrigatoria era do 1,71%, o que supón 6 persoas, todas elas en centros da rede pública.

Non se rexistra ningún caso de persoas estudantes de ensinanza de Educación de adultos e de Educación Especial.



6.6 Vivenda


Os datos referidos a situación da vivenda no concello de Baiona foron obtidos do IGE e proveñen do Censo de Poboación e Vivenda do ano 2001, realizado polo INE. Segundo o IGE, considérase vivenda ao “recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma en que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas, ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual de alguén no momento censal”. Considérase edificio á “construción permanente, separada e independente, concibida para ser utilizada como vivenda ou para servir a fins agrarios, para a prestación de servizos ou, en xeral, para desenvolver calquera actividade” (administrativa, comercial, industrial, cultural, ...), e a definición de local que como a de vivenda, trátase dun “recinto estruturalmente separado e independente, que non está dedicado exclusivamente a vivenda e no que se levan ou se poden levar a cabo actividades económicas dependentes dunha empresa ou institución. O recinto debe estar situado nun edificio, total ou parcialmente”.

A) Tipo de vivenda

O número total de vivendas no ano 2001 en Baiona era de 6.527, representando o 3,38% do total e vivendas da AMV. Delas, 4.605 eran vivendas principais o que representa un 52,32%, o número de vivendas secundarias era de 2.257, o 34,58% do total. As vivendas baleiras, eran 851, representado un 13,04% do total. O número de edificios era nese ano de 3.095, o que supón unha porcentaxe do 47,42%, e o número de locais 598, que representan o 9,16%.



Como se observa na gráfica a estrutura da vivenda segundo tipo presenta unha diferenza fundamental entre o concello e o resto de espazos incluídos na análise. Así, aínda que as vivendas principais son o tipo maioritario nos catro espazos, no caso de Baiona a porcentaxe de representación é moito menor, debido ao maior peso das vivendas secundarias, case 35%, mentres que nos outros espazos a porcentaxe de vivendas secundarias está en torno ao 11%.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

En canto á porcentaxe de vivendas principais que posúen segunda vivenda, en Baiona, no ano 2001, representaban o 6,415%, mentres que na AMV a porcentaxe de vivendas principais que dispoñen de segunda vivenda é de 10,94% por riba tamén de Pontevedra, 9,24% e de Galicia, 10,71%.

B) Réxime de tenza da vivenda

No relativo ao réxime de tenza da vivenda no concello, a forma maioritaria é a de “En propiedade por compra, totalmente pagada”, no que se encontran 1668, das 3.415 vivendas, o que supón o 48,84%. As porcentaxes para a AMV, Pontevedra e Galicia, son lixeiramente inferiores, 44,31%, 45,01% e 43,51%, respectivamente.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE.



O segundo réxime maioritario, cunha porcentaxe bastante máis baixa, é o da vivenda en Propiedade por herdanza ou doazón, 16,46%, estando por riba da AMV, 14,10%, e por debaixo de Galicia, 21,44% e Pontevedra, 20,81%.

O seguinte grupo maioritario no concello, é o de “En propiedade, por compra, con pagamentos pendentes”, no que se atopan un total de 495 vivendas, o que ben representar o 14,49%. Este réxime ocupa unha proporción algo superior na AMV, cun 16,07% da vivenda, mentres que en Pontevedra e Galicia é algo minoritario, 13,15% e 12,57% respectivamente.

Baixo o réxime “Outras formas”, atópanse tamén unha porcentaxe do 11,04% en Baiona, sendo similar aos valores da AMV, Pontevedra e Galicia, que tamén se sitúan en torno ao 11%.

A porcentaxe de vivendas baixo o réxime de aluguer, representan o 9,17% no concello, sendo o minoritario, e situándose tamén por debaixo da porcentaxe que ocupa nos outros tres espazos, na AMV representa o 14,49%, o 10,51 en Pontevedra e o 10,50% en Galicia.

C) Principais problemas da vivenda e do contorno

Seguidamente analízanse os datos que teñen que ver coa calidade da vivenda e do seu contorno, analizados a través dos principais problemas identificados e recollidos no Censo de poboación e vivendas do ano 2001 elaborado polo INE.

No concello o principal problema identificado é da pouca limpeza nas rúas, 38,45%, os outros espazos atópanse por riba, na AMV sinálase nun 48,86%, e en Pontevedra e Galicia, 40,61% e 30,50%, respectivamente.

Segue o problema das malas comunicacións, cunha porcentaxe do 20,06% das vivendas analizadas. Nos outros espazos as porcentaxes son superiores, especialmente no espazo metropolitano, onde a incidencia é do 30,34%,. En Pontevedra e Galicia as porcentaxes son de 26,34% e 21,34%, respectivamente.

O seguinte problema con maior incidencia no concello é o das poucas zonas verdes, cunha porcentaxe do 20,30%. Neste caso a AMV sitúase por riba, cunha porcentaxe do 46,33%. Pontevedra, cun 37,75%, e en Galicia, o 30,75%.


Cunha porcentaxe máis baixa atópase o problema da existencia de ruídos exteriores, neste caso nunha porcentaxe do 15,61%. As porcentaxes correspondentes aos outros espazos son superiores, na AMV é o 33,37%, en Pontevedra o 25,04% e no conxunto galego o 20,14%.

Segue o problema da contaminación, cunha porcentaxe do 8,95%. Neste caso tamén está por debaixo dos tres espazos comparados, así, na AMV a representa o 21,84%, un 18,15% en Pontevedra e o 14,00% en Galicia.



O problema da delincuencia sinálase nunha porcentaxe do 7,61%. A AMV, é o espazo onde este problema ten maior peso, 23,93%. No caso de Pontevedra e Galicia as porcentaxes son do 17,69% e 13,67%, respectivamente.

Por último, o problema que ten que ver coa “Falta de servizos de aseo na vivenda”, sinálase nunha porcentaxe do 0,64% no concello. Nos outros tres espazos as porcentaxes son algo superiores, aínda que ningún deles supera o 1,5%.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

D) Residentes e tamaño medio da vivenda

Para finalizar a análise da vivenda no concello, terase en conta o número de residentes así como tamaño medio da mesma. Volvendo aos datos do Censo do ano 2001, en Baiona, a maioría das vivendas contabilizadas son de 4 residentes, representando o 23,25%, lixeiramente por enriba da AMV, 3,06%, Pontevedra 22,15% e Galicia 19,74%.


As vivendas de 3 residentes son o 19,85% en Baiona, porcentaxe lixeiramente menor ao da AMV, Pontevedra e Galicia, que novamente comparten valores semellantes en torno ao 22%.

As vivendas de 1, 2, comparten valores similares en Baiona, 18,65% no caso das de 2 residentes e do 18,42% nas de 1. Na AMV, Pontevedra e Galicia, as de 2 residentes representan arredor do 21%, mentres que as de 1 sitúanse por debaixo do concello, cunha porcentaxe parecida en torno ao 17%.

As vivendas de 5 residentes son o 11,83% no concello, algo por riba do que representan nos outros espazos. E as de 6 residentes, minoritarias nos catro territorios, son en Baiona o 7,99%, na AMV o 6,11%, o 7,66% en Pontevedra e en Galicia o 6,38%.



Comparación do número de residentes por vivenda.
Ano 2001



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


En canto ao tamaño medio do fogar, Baiona posúe un valor do 3,2 persoas por vivenda, moi similar aos outros tres espazos, AMV, 3,24, Pontevedra, 3,1 e Galicia, 3,00.

7. MERCADO DE TRABALLO

A continuación ofrecemos os datos do mercado de traballo correspondentes a Baiona. Neste apartado analizaremos o comportamento das principais variables do mesmo, como son o nivel de actividade, ocupación e desemprego, contemplando a súa evolución e desagregación por sexo e sectores económicos.

Estes datos están sacados para o caso da actividade e ocupación, do Padrón municipal de habitantes de 1996 e do censo de poboación e vivenda do ano 2001, mentres que para o desemprego utilizáronse as estatísticas obtidas da Consellería de Traballo.

Evolución das taxas de actividade e ocupación
1996-2001



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

No período que vai entre 1996 e o 2001, o concello de Baiona experimentou un crecemento nas súas taxas de actividade e ocupación debido ao aumento da poboación maior de 16 anos e ao descenso do número de persoas inactivas. Isto fixo que as taxas do concello se situasen por riba das taxas da AMV, Pontevedra e Galicia.




Características da poboación maior de 16 anos
Ano 2001

	Poboación maior de 16 anos	Activos /as	Ocupados /as	Inactivos					
				Total	Xubilados /as	Pensionistas	Estudantes	Tarefas do fogar	Outra situación
Homes	4.487	3.093	2.926	1.394	746	126	448	23	51
Mulleres	4.685	2.063	1.862	2.622	472	418	478	1.223	31
Total	9.172	5.156	4.788	4.016	1.218	544	926	1.246	82

Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

Na anterior táboa están os datos sobre as características da poboación maior de 16 anos en relación coa a actividade de Baiona. Aquí pódense apreciar as diferenzas que hai entre a poboación masculina e feminina do concello. Así mentres que para as mulleres o número de inactivas é maior que o de activas, para os homes pasa exactamente o contrario. Tamén se observa como a distribución da poboación inactiva nas diferentes categorías é distinta, tendo un peso moi importante para as mulleres os epígrafes de tarefas do fogar e de estudantes, mentres que para os homes eran os de xubilados e estudantes. Este feito é significativo dunha menor incorporación da muller ao mercado de traballo.




Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

O número de persoas desempregadas do concello estivo variando, durante o período de xaneiro 2003 a xaneiro 2005, entre os 379 parados (setembro 2004) e os 454 parados (febreiro 2004). Ao final do período a cifra total de desemprego era un 11,17% maior que a de xaneiro do 2003, acadando unha cifra de 448 persoas desempregadas.



Porcentaxe de variación do paro con respecto ao mesmo mes do ano anterior
xaneiro 2003-xaneiro 2005




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

7.1 Actividade

A taxa de actividade do concello de Baiona situouse no 2001 no 56,21%, o que supuxo un avance con respecto ao valor do 1996 de 10,34 puntos porcentuais. Isto fixo que se situase por riba dos valores da área metropolitana de Vigo, da provincia de Pontevedra e de Galicia que para o ano 2001 presentaban uns valores do 54,38%, do 52,69% e do 50,68%, respectivamente.

Taxas de actividade
Ano 2001



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Unha das causas desta alza na taxa de actividade hai que buscala na subida experimentada polo nivel de actividade feminino, posto que o seu valor creceu máis de 17 puntos no período 1996-2001, mentres que a taxa masculina o facía en 2 puntos. Con todo e isto, a taxa de actividade feminina segue a estar moi por baixo da masculina, representando o 63,88% da taxa de actividade masculina. Ademais, tal e como se observa na anterior gráfica, se comparamos este valor cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia, vese como mentres que a taxa de actividade masculina



presenta unhas cifras claramente superiores aos destes territorios, a feminina atópase por debaixo da taxa da AMV e lixeiramente por riba aos de Pontevedra e Galicia.

Outras causa do aumento da taxa de actividade hai que buscalas en:

- No crecemento da poboación no concello de Baiona. Entre o ano 1996 e 2001 os efectivos demográficos aumentaron en 374 persoas, o que supuxo unha medra dun 3,56% do número de persoas residentes. Esta suba da poboación afectou sobre todo ao grupo de persoas maiores de 16 anos que aumentou nun 7,62%.
- No ascenso experimentado polo número de persoas activas que superou con creces ao experimentado polas inactivas. Este feito afectou sobre todo ao sector feminino da poboación, posto que dentro das persoas inactivas o colectivo que experimentou un maior descenso foi o das amas de casa.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

No que se refire á distribución da actividade entre sexos, tal e como se pode apreciar na anterior gráfica, existe unha grande desigualdade no mercado de traballo de Baiona, posto que a taxa feminina supón o 63,88% da taxa masculina. Así, no ano 2001 a taxa masculina estaba situada no 68,93%, mentres que a feminina tan só era do 44,03%, sendo polo tanto o diferencial de 24,9 puntos porcentuais.


A xeito de conclusións sobre a actividade no mercado de traballo de Baiona podemos sinalar o que segue:

- A subida da taxa de actividade global fixo que se situasen por riba das da AMV, Pontevedra e Galicia.
- Esta subida tivo especial incidencia na poboación feminina pero, malia isto, as diferenzas entre sexos seguen a ser grandes.




7.2 Ocupación

A taxa de ocupación no concello de Baiona, ao igual que a de actividade, experimentou unha subida no período 1996-2001. Así, mentres que en 1996 estaba situada na cifra do 36,63%, no 2001 pasou ao 52,20%, o que supuxo unha alza de 15,57 puntos porcentuais.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Isto fixo que a taxa de ocupación se situase por riba das taxas da AMV, Pontevedra e Galicia. Así, hoxe en día as taxas de actividade destes territorios están nos 46,66%, 45,65% e 44,33%, respectivamente.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

A nivel de sexos as taxas de ocupación de Baiona están situadas por riba das da AMV, Pontevedra e Galicia, pero as diferenzas son maiores no caso da taxa masculina que acada unha cifra do 65,21%, que no das mulleres que era do 39,74%.





Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

Por outra banda, ao analizar a ocupación por sectores de actividade económica pódese observar como o sector que ten un maior peso no emprego é o dos servizos, que no ano 2001 supuña o 56,74%. Este valor sitúase por baixo do da AMV que estaban no 60,53%, e a un nivel semellante do de Pontevedra e Galicia que estaban no 56,48% e no 57,92%, respectivamente.

En segundo lugar, atópase o sector industrial, que dá emprego ao 16,41% dos traballadores do concello. Esta porcentaxe é inferior ás da AMV, Pontevedra e Galicia, onde o sector representa o 25,53%, o 22,03% e o 18,70% do emprego.


As actividades pesqueiras ocupan o terceiro posto en emprego, acaparando ao 12,84% das persoas ocupadas do concello. Esta porcentaxe está por riba das da AMV, Pontevedra e Galicia onde o emprego do sector supuña o 3,74%, o 5,11% e o 3,40%, respectivamente.

A construción ocupa o cuarto lugar en importancia de emprego, dando ocupación ao 12,74% dos traballadores de Baiona. Esta porcentaxe é superior á da AMV (9,15%), e similar ás de Pontevedra (12,22%) e Galicia (12,32%).

Por último, a agricultura ten unha baixa importancia no concello, dando emprego a tan só o 1,29% das persoas ocupadas, o que o sitúa por riba da porcentaxe da AMV (1,05%), e por debaixo das de Pontevedra (4,16%) e Galicia (7,66%).




Porcentaxe de poboación ocupada por sectores de actividade económica
1996 e 2001



Esta situación é o froito dun proceso de varios anos nos que o concello estivo a mudar a súa estrutura produtiva. Así, durante o período 1996-2001 pódense observar cambios na ocupación por sectores económicos do concello de Baiona:

- Hai unha perda de peso no emprego do sector da pesca, que cae 9,74 puntos porcentuais, debido a unha caída no número de persoas que traballan no sector.
- O sector servizos foi o que máis medrou en emprego durante o período, subindo en 1234 persoas, o que representa un crecemento do 80,76%.
- O sector industrial tamén experimentou un importante ascenso no número de persoas ocupadas, medrando en 350 ocupados/as o que supón unha suba do 77,95%.
- Por último a construción e a agricultura a pesar de subir no número de persoas ocupadas non conseguiron incrementar a porcentaxe de participación no mercado de traballo de Baiona.


Poboación ocupada por sectores económicos e sexos.
Ano 2001



Fonte: Censo de poboación e vivenda 2001. IGE



No que se refire á distribución da poboación ocupada por sectores económicos e sexo, na anterior gráfica pódese ver como as diferenzas son bastante profundas entre homes e mulleres. Así, mentres que as mulleres case exclusivamente se ven relegadas as actividades de servizos (85,22%), a dos homes está máis repartida entre os servizos (38,17%), a industria (22,77%) a construción (19,65%) e a pesca (18,09%).




Por outra banda, analizando a poboación ocupada por situación profesional, obsérvase que a maior parte teñen a condición de asalariados, posto que no ano 2001 o 83,96% dos mesmos realizaban un traballo por conta allea. Esta cifra está lixeiramente por baixo da AMV, que era do 84,57%, pero por riba das de Pontevedra e Galicia, que acadaban o 80,20% e o 76,80%, respectivamente.

Dentro do colectivo de asalariados, son os fixos os que teñen un maior peso acadando unha cifra do 58,75% dos ocupados totais, mentres que os eventuais só supuñan o 25,21% dos ocupados, sendo a taxa de temporalidade no emprego do 30,02%, o que a sitúa por baixo das da AMV, Pontevedra e Galicia, que no 2001 eran do 34,31%, 38,09% e 36,59%.

Por outra banda, o empresariado representa o 15,12% dos ocupados do concello, cifra que está por riba da mostrada pola AMV (14,90%), pero por baixo da de Pontevedra (18,82%) e Galicia (22,18%). Este empresariado adoita facer un traballo autónomo sen contratar persoal algún, posto que o 58,02% dos mesmos está dentro da categoría empresario que non emprega persoal, o que é indicativo dun tecido empresarial composto na súa maioría por microempresas.

Analizando a ocupación por situación profesional e sexo, pódese ver como o colectivo de ocupados homes é sempre maior en número ao das mulleres, agás para os catalogados como *outras situacións*, *as axudas familiares* e *os membros de cooperativas*. Tamén se pode ver que as mulleres de Baiona están sometidas a unha temporalidade por riba da dos homes, posto que no ano 2001 a taxa de temporalidade na man de obra feminina era do 39,46% mentres que a masculina era do 23,92%.





No que se refire á poboación ocupada por profesión, en Baiona podemos ver como, en liñas xerais, os ocupados tenden a estar en grupos profesionais de media-baixa cualificación. Así o primeiro lugar ocúpalo os *traballadores/as de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as*, cun 17,89% dos ocupados. En segundo lugar atópanse os *artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, da construción e da minaría*, cun 16,45%. Mentres que os *traballadores non cualificados* ocupaban o terceiro lugar representando o 12,30%, e moi preto están os *traballadores/as cualificados/as na agricultura e na pesca* (12,26%). O resto das profesións, móvense nuns valores bastante discretos que non pasan do 10%.

Se estudamos a poboación ocupada por profesión e sexo, pódense apreciar grandes diferenzas. Así, no caso dos homes as profesións están máis relacionadas coa industria e a pesca, por esa orde de importancia, mentres que a das mulleres estano cos servizos e os traballos non cualificados. Para os homes, no ano 2001, as profesións máis representativas eran as de *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minaría* (24,57%) e os *traballadores cualificados na agricultura e na pesca* (17,20%). Mentres que para as mulleres as profesións que máis ocupación tiveron no ano 2001 foron as *traballadoras de servizos de restauración* (32,59%), as *traballadoras non cualificadas* (18,17%). Ademais, as mulleres teñen máis dificultades para chegar aos postos directivos, o chamado “teito de cristal”, posto que mentres que 258 homes desempeñan traballos de *dirección das empresas e das administracións públicas*, tan só 135 mulleres de Baiona chegaban a este tipo de postos. Pola contra nos postos de técnicos/as e profesionais de apoio hai máis mulleres que homes (257 mulleres fronte a 185 homes).

Desta análise da ocupación despréndense varias conclusións, como son:

- O crecemento da taxa de ocupación global fixo que se situase por riba das da AMV, Pontevedra e Galicia.
- As diferenzas entre sexos reducíronse no período 1996-2001, pero aínda continúan a ser moi altas.



- O mercado do traballo do concello ten un claro nesgo cara o sector servizos.
- No período 1996-2001 o sector servizos foi o que máis medrou no emprego.
- Os traballadores asalariados de Baiona soportan unhas taxas de temporalidade no emprego menores que as do contorno, afectando, en maior medida, ás mulleres do concello.
- A man de obra de Baiona ten unha cualificación media-baixa, estando centrada, sobre todo, en profesións relacionadas coa industria e os servizos.
- A actividade pesqueira aínda que descendeu en número de persoas ocupadas continúa a ser unha actividade importante no mercado de traballo.

7.3 Desemprego

Os valores do paro rexistrado obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servizos de intermediación laboral, formación, prestacións, etc.

Estas estatísticas difiren das aportadas pola EPA debido a que mentres que estas resultan dunha estimación estatística, os primeiros son resultado dun rexistro no que por diversos motivos non todos os colectivos se inscriben (por ter unha baixa expectativa de acceder ao traballo), ou determinadas persoas desempregadas non son computados como parados (os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos, demandantes dun emprego por período inferior a tres meses, demandantes con xornada semanal menor de 20 horas ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego). Na EPA, en cambio, considéranse paradas a tódalas persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego ou que xa atoparon traballo e están á espera de se incorporar ao mundo laboral.

Tendo en conta isto, decantámonos por coller os datos do desemprego proporcionado polas oficinas de emprego da Xunta de Galicia debido á súa mellor accesibilidade é ao feito de que os datos da EPA ao seren o resultado dunha enquisa, non se poden obter a escala local. Así e todo, os datos cos que traballamos supoñen un bo indicador da composición e da evolución do desemprego no concello de Baiona.




Para proceder ao análise do desemprego no concello imos estudar os datos dende varios puntos de vista:

- Dende un punto de vista temporal, no que se analizará a súa evolución ao longo dos anos 2003 e 2004, así como a súa porcentaxe de variación con respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Dende un punto de vista espacial, no que se compara a evolución da cifra de desemprego de Baiona coas da área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia.
- Dende a perspectiva dos sexos e da idade dos demandantes.
- Dende un punto de vista sectorial, no que se estuda o sector de actividade de onde proveñen as persoas desempregadas.

No concello de Baiona o desemprego experimentou numerosos altos e baixos durante os dous últimos anos, alcanzando o seu máximo absoluto en xaneiro 2004, con 588 persoas desempregadas, e o seu valor mínimo en agosto de 2003, con 381 persoas desempregadas. Durante este período, o desemprego mantívose no mesmo nivel, posto que en xaneiro de 2003 estaba na cifra de 540 persoas paradas e en xaneiro de 2005 o número de persoas paradas era o mesmo.

Evolución do paro rexistrado
xaneiro 2003-xaneiro 2005




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Na gráfica anterior podemos observar a evolución da cifra de paro rexistrado durante o período xaneiro 2003-xaneiro 2005. Nela apréciase como existe unha estacionalidade nas subas e baixas das cifras de paro rexistrado. Deste xeito, o número de persoas desempregadas acada os seus valores mínimos nos meses de xullo a setembro, e os máximos de decembro a abril.




Comparación do número de parados rexistrados
xaneiro 2003-decembro 2004



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Comparando os valores do desemprego nos anos 2003 e 2004, pódese comprobar como nos dous anos as cifras son practicamente as mesmas, estando as do 2004 levemente por riba das de 2003, sobre todo na primeira parte do ano. A partir do mes de outubro, os valores do 2004 situáronse por baixo dos do 2003 e continuaron por baixo ata finais de ano.


Comparación da evolución do paro rexistrado
(base xaneiro 2003)
xaneiro 2003-xaneiro 2005



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC


Na gráfica anterior represéntase a comparativa das evolución do desemprego coa área metropolitana, a provincia de Pontevedra e a comunidade autónoma de Galicia. Para iso tomouse como dato de referencia a cifra de desemprego de cada un dos territorios correspondente a xaneiro de 2003, co que se obtén a variación en termos relativos das cifras de desemprego nos catro territorios. Así, pódese observar como as cifras do paro rexistrado tiveron unha evolución moi parella nos catro territorios, coa particularidade de que en Baiona os descensos do paro nos meses de verán é moito máis acusado que o do resto de territorios, debido sobre todo á importancia do sector servizos é ao feito de que Baiona é un concello de veraneio.





Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC


Ao estudar a distribución e evolución do desemprego do concello de Baiona por sexos, pódese observar como en todo o período as cifras de paro femininas estiveron sempre por riba das masculinas. As diferenzas en número entre un e outro sexo mantivéronse durante o período entre as 31 (marzo 2003) e as 127 (agosto 2003) persoas paradas. A poboación parada masculina estivo flutuando entre os 184 e os 243 parados, mentres que o número de mulleres paradas o facía entre as 206 e as 355 paradas, sendo por tanto a maior a variabilidade no caso das mulleres que, como xa se comentou anteriormente, están sometidas a unha maior temporalidade no emprego.



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

No que atinxe á idade dos demandantes de emprego, temos que o colectivo de persoas maiores de 25 anos é o que presenta un maior número de persoas desempregadas, cousa bastante normal se temos en conta a dimensión do colectivo. Así no ano 2004 o grupo de persoas de entre 25 e 64 anos representaba o 58,24% da poboación total, mentres que a mocidade de entre 15 e 24 anos so supuña o 14,08%. Polo tanto se tivésenos en conta as taxas de paro por grupo de idades teríamos que estas son máis altas para os mozos e mozas de Baiona que para o resto de idades, posto que o peso relativo do paro neste colectivo é maior.





Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Analizando a evolución do desemprego por sectores de actividade económica podemos ver como os parados que proveñen do sector servizos son os que teñen un maior peso dentro do global e ademais foron os que máis medraron no período. Ademais na súa evolución pódese apreciar unha marcada estacionalidade, que tal e como se apreciou en gráficas anteriores está producida polos ciclos de actividade dos servizos. As persoas desempregadas que proviñan deste sector chegaron a representar o 60,07% en novembro do 2004.

O seguinte grupo de parados en importancia é o dos que carecían dun emprego anterior. Este colectivo chegou a representar en agosto do 2003 o 29,13% das persoas desempregadas de Baiona. A este séguelle o colectivo das persoas desempregadas que proveñan da industria, que chegaron a acadar unha porcentaxe do 14,94% en maio 2003. Os parados que proveñen da construción que acadaron a porcentaxe máxima do 12,07% en xaneiro do 2004, constitúen o cuarto grupo en importancia.

Por último, a agricultura presenta os valores máis baixos no que non se pasa da porcentaxe do 6,5%. Este feito débese a que xeralmente o traballo neste sector faise a través de explotacións de tipo familiar onde non se soe empregar traballadores por conta allea o que fai que o volume de persoas desempregadas sexa baixo e estable no tempo.

A modo de conclusións poderíamos resaltar dúas características da poboación desempregada do concello que axudan a comprender a súa composición e evolución:

- Durante o período analizado a cifra de paro rexistrado estivo estancada na cifra de 540 persoas paradas.
- A variabilidade das cifras de paro rexistrado son debidas á alta temporalidade no emprego do sector servizos.



- O problema do desemprego ten unha especial incidencia en valores absolutos nas mulleres e na poboación madura, pero a poboación moza é a que soporta as taxas de paro máis altas.

7.4 Promoción do Emprego

Nas últimas décadas, e motivado pola difícil situación do mercado do traballo, véñense desenvolvendo un conxunto de medidas para fomentar o emprego, dando prioridade ás medidas activas e preventivas sobre as pasivas e correctivas. Estas políticas activas concíbense como instrumentos para desenvolver a inserción laboral das persoas desempregadas, a través de incrementar o nivel formativo da poboación activa, favorecer a adaptación da oferta de profesionais ás demandas de emprego existentes, fomentar a información e o asesoramento para a consecución de emprego e promover e incentivar a iniciativa empresarial e a contratación.

A nivel local, as directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia de *“implantar un dispositivo que axude a promover iniciativas e articular mecanismos para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego a nivel local desde a perspectiva de que existen novos filóns de emprego non explotados susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego”*.

A) Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego

No concello de Baiona a figura encargada de levar a cabo as políticas activas de emprego é o **técnico de emprego**, que ten atribuídas unha serie de funcións establecidas na orde pola que se regula a súa contratación e funcionamento e, nese marco, ofrecen aos emprendedores un conxunto de servizos que se concentran ao redor das seguintes labores principais:

- Prospección dos recursos ociosos e infrautilizados no territorio, identificando novas actividades económicas susceptibles de xerar proxectos empresariais de promoción económica, así como iniciativas innovadoras que creen emprego.
- Elaboración e posta en práctica de plans de actuación que contribúan á dinamización socioeconómica no seu ámbito de influencia a prol da iniciativa emprendedora e da creación de emprego.
- Difusión e estímulo dos potenciais proxectos de creación de novas unidades produtivas entre persoas desempregadas, promotores e emprendedores, así como entre as posibles institucións colaboradoras.



- Acompañamento técnico dos proxectos emprendedores que xurdan no territorio na fase do seu lanzamento, así como dos promotores, durante as primeiras etapas de funcionamento das novas empresas, para facilita-la súa consolidación como negocios sostibles que xeren postos de traballo.
- Asesoramento ás persoas desempregadas, en estreita coordinación con outras unidades do Servizo Público de Emprego de Galicia, así como con outros organismos da Administración Autonómica, para propiciar un maior coñecemento dos servizos e instrumentos existentes en favor da súa inserción laboral e do seu desenvolvemento profesional.

B) Axudas e subvencións para a creación de emprego

En canto a axudas e subvencións en materia de emprego, o concello de Baiona non ten ningunha liña propia, pero o técnico de emprego asesora e xestiona as que ten a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, da Consellería de Traballo. Estas axudas están dentro das políticas activas encamiñadas a crear máis e mellores postos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste contexto, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego planifica, coordina e xestiona diversos programas nos seguintes ámbitos:

- Incentivos á contratación por conta allea.
- Apoio a emprendedores: autónomos, economía social e iniciativas de emprego.
- Programas de cooperación.
- Escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Programa Labora: Xuventude con experiencia.
- Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.

C) Accións de desenvolvemento rural

O concello de Baiona está dentro do ámbito de actuación do PRODER II, que xestiona a Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidad de Vigo (ADR). Este proxecto basease na nova política europea de desenvolvemento rural, que propón establecer un marco coherente e duradeiro que garanta o futuro sostible das zonas rurais e contribúa ao mantemento e creación de emprego. Polo que se estableceu unha estratexia de desenvolvemento que persigue no seu conxunto un equilibrio territorial, medioambiental e socioeconómico.



Para iso a ADR considerou oportuno apostar firmemente pola utilización de novos coñecementos e tecnoloxías no medio rural, xa que na actualidade nos atopamos nos limiares dunha nova revolución industrial. Polo que a estrutura adoptada parte de tres liñas directrices, interrelacionadas entre si e desenvolvidas en cinco ámbitos de actuación que se materializan a través de 10 actuacións diferentes que dan finalmente lugar a 20 accións concretas:

- **Liña directriz 1** - “Rede rural para o desenvolvemento das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (NTICs)”
 - Fomento do uso destas NTICs entre a poboación en xeral e as empresas, facilitándolle instrumentos, medios e asistencia.
- **Liña directriz 2** - “Mellora da competitividade mediante o uso das NTICs”
 - Reforzo das actividades existentes, incidindo nos subsectores agroforestal, turístico e comercio.
 - A creación de novas actividades mediante a potenciación dos sectores que están emerxendo na sociedade debido aos cambios nos modos de vida (acceso da muller ao emprego, maior tempo de ocio, avellentamento da poboación, maior concienciación pola natureza, aparición de novos mecanismos de acceso ao traballo, etc.).
 - Reforzo da identidade do territorio, realizando accións de promoción e valorización dos recursos, debido á variedade de espazos naturais, tradicións e patrimonio que posúe a área e que aínda están sen explotar.
- **Liña directriz 3** - “Servizos de proximidade”
 - Un proxecto piloto baseado nos teleservizos económicos-administrativos, dando prioridade ao acceso á información pública, ás transaccións en liña coas administracións, aos procedementos de contratación dixital e aos servizos sociais e culturais.

O obxectivo principal é conseguir un desenvolvemento sostido dos espazos rurais da Área de Vigo a través dun enfoque global e integrador que evite as disparidades territoriais que se están producindo. Se ben, este obxectivo xeral se pode concretar nuns máis específicos que se detallan de seguido:

- Reducir o illamento que sofre a poboación do medio rural, así como axudar a diminuír os desequilibrios espaciais.



- Afianzar as relacións tanto económicas como sociais.
- Revalorizar os recursos endóxeos das distintas zonas que conforman a área de Vigo tendo en conta as especificidades de cada unha delas.

8. ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS

Neste apartado imos estudar a economía e os sectores de actividade económica do concello de Baiona dende a perspectiva da renda dos seus habitantes e do número e tamaño das empresas que realizan a súa actividade no concello. Para iso empregouse a información estatística sacada do servidos estatístico do IGE, referida a número de empresas e tamaño das mesma (central de balances), así como ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os apartados nos que se estrutura esta sección son os seguintes:

- Nivel de renda, onde se analiza os principais indicadores de renda do concello, comparándoos cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Estes indicadores están sacados do imposto da renda das persoas físicas, do que se obtén o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramo de base imponible do imposto, o rendemento medio declarado e a procedencia das rendas declaradas.
- Sectores produtivos e actividades económica, no que se fai unha análise, sector por sector, das actividades empresariais máis características do concello.

8.1 Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento


Para o nivel de renda do concello de Baiona empregáronse as estatísticas do imposto da renda das persoas físicas subministradas polo IGE. Estas estatísticas correspóndense aos exercicios fiscais que van do ano 1999 ao 2003 e nelas podemos observar o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramos renda, o rendemento medio declarado no concello e a procedencia das rendas obtidas (traballo, actividades empresariais, actividades profesionais e outros). Os datos obtidos son un indicador dunha porción da renda do concello (a que se declara no imposto da renda) e polo tanto permítenos ter unha referencia sobre o nivel de riqueza, ademais de poder facer comparacións coa AMV, Pontevedra e Galicia. Pero hai que ter en conta que dentro do imposto da renda hai importantes conceptos de renda que non están dentro do feito imponible e que polo tanto non están recollidos dentro da definición de base imponible, como son as pensións de invalidez, viuvez ou orfandade, entre outras.

En canto aos outros parámetros de desenvolvemento, aquí imos empregar os índices calculados polo servizo de estudos económicos de La Caixa, como son o nivel económico e os índices de actividade, entre os que están o índice turístico, o índice de restauración e bares, o índice industrial, o índice comercial e o índice de actividade económica.




A) Nivel de renda

O Concello de Baiona contaba con 3.833 declarantes no ano 2003 o que supuña o 2,17% das persoas declarantes da área metropolitana. Esta cifra estivo a medrar nos últimos anos, pasando dos 3.194 do ano 1999, aos 3.833, anteriormente comentados, do ano 2001, o que supuxo un crecemento de 639 persoas, é dicir, un 20,01%.



Se analizamos a distribución por tramo de renda das persoas declarantes de Baiona, podemos observa como a maior parte dos mesmos está nos tramos máis baixos de renda, é dicir, o 51,83% das persoas que fixeron a súa declaración do ano 2003 teñen unha base imponible inferior aos 12.000 €. Esta porcentaxe é menor que a que hai na AMV, Pontevedra e Galicia o que determina que o rendemento medio declarado en Baiona (16.079,16€) estea por riba do da AMV (15.800,99 €), e Galicia (13.901,50 €).



Por outra banda, se nos fixamos na procedencia das rendas baioneses, tal e como se aprecia na gráfica anterior, podemos observar como o 80,97% das mesmas proceden do traballo, valor este que está lixeiramente por debaixo do da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Por detrás del, pero



xa a moita distancia, están os cualificados como outros, nos que se recollen os producidos pola cesión ou arrendamento de bens ou capitais, entre outros, e que supoñen o 7,66%. Os rendementos de actividades empresariais atópanse moi preto destes, representando o 7,42%. Por último as rendas que proveñen de actividades profesionais teñen o nivel máis baixo co 3,95%.

B) Outros parámetros de desenvolvemento

Os parámetros de desenvolvemento do concello de Baiona foron os seguintes:

Outros parámetros de desenvolvemento
Ano 2003

Concello	Baiona	Pontevedra	Galicia
Nivel económico	4	4	4
Índice industrial	6	1792	6159
Índice comercial	17	2085	6088
Índice comercial polo xunto	13	2294	6347
Índice comercial polo miúdo	19	1962	5936
Índice de restauración e bares	27	2056	6499
Índice turístico 2003	31	1137	3095
Índice turístico 1998	34	1158	2959
Índice actividade económica 2003	13	1763	5484
Índice actividade económica 1998	12	1765	5679

Fonte. Anuario económico de España. Servizo de estudos de La Caixa

Nivel económico

No anuario económico do 2005, o servizo de estudos económicos calcula o nivel económico por concello tendo en conta o nivel de renda do mesmo e outros parámetros de desenvolvemento (liñas telefónicas, liñas RDSI e ADSL por habitante, proporción de poboación con estudos superiores, proporción de poboación en postos de traballo cualificados, taxa do total de demandas de emprego sobre a poboación de 15 e máis anos, distancia media de cada concello á súa cabeceira da área comercial ou prezo medio do metro cadrado da vivenda). Estes datos correspóndense co ano 2003.



Este índice ten 10 niveis diferentes:

Niveis	Renda familiar dispoñible por habitante, en euros
1	Ata 7.200
2	7.200 - 8.300
3	8.300 - 9.300
4	9.300 - 10.200
5	10.200 - 11.300
6	11.300 - 12.100
7	12.100 - 12.700
8	12.700 - 13.500
9	13.500 - 14.500
10	Máis de 14.500

O concello de Baiona ten un nivel económico de 4, o que o sitúa no estrato de 9.300 a 10.200 euros, no mesmo estrato da provincia e da comunidade autónoma.

Índice turístico

Índice comparativo da importancia turística de cada concello, referido a 2003. Obtense en función da cota ou imposto de actividades económicas (IAE), que se basea á súa vez na categoría dos establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual (todo ou parte do ano); polo que constitúe practicamente un indicador da oferta turística.

O valor do índice indica a participación (en tanto por 100.000) que corresponde a cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades (total euros recadación imposto = 100.000).

Para o concello de Baiona este índice acadou un valor de 31, o que é indicativo do importante peso que ten o turismo no concello, que se constitúe como un dos principais destinos de vacacións da provincia e o primeiro da área metropolitana de Vigo. Este índice foi de 1137 para Pontevedra e de 3095 para Galicia.

Índice de restauración e bares

A importancia das actividades de restauración e bares (restaurantes, cafeterías, bares, etc.) mídese tamén de xeito comparado (entre comunidades autónomas, provincias e concellos), a través de números índices. O índice de restauración e bares calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE para o ano 2003. A base do mesmo é o total nacional equivalente a 100.000 unidades, de xeito que se reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) do concello dentro do global nacional.

Este índice acadou un valor de 27 no ano 2003, o que é indicativo dunha certa actividade no sector que está moi relacionado coas actividades turísticas. Neste mesmo ano a provincia de Pontevedra acadaba un índice de 2056 e a comunidade autónoma de 6499.



Índice industrial

Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción) referido a 2003. Calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE da industria (incluída a construción) e ten como base 100.000 unidades, de tal xeito que o valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da industria do concello dentro do total de España.

O valor deste índice no concello de Baiona foi de 6, o que o sitúa nos últimos postos por importancia nos concellos da área metropolitana de Vigo. Este índice foi de 1792 para a provincia de Pontevedra e de 6159 para a comunidade autónoma.

Índice comercial

O índice comercial subdivídese en dous índices:

- Índice do comercio polo xunto
- Índice do comercio polo miúdo

Estes índices calcúlanse en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE correspondente ao ano 2003 do comercio polo xunto (índice do comercio polo xunto), do comercio polo miúdo (índice do comercio polo miúdo) e do comercio polo xunto e polo miúdo conxuntamente (índice comercial). O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da actividade comercial do concello con respecto ao global estatal.

O índice comercial do concello é de 17, sendo superior ao do comercio polo xunto (13), pero inferior ao do comercio polo miúdo (19). Os índices na provincia de Pontevedra foron de 2.085, 1.962 e 2.294, e para Galicia de 6.088, 5.936 e 6.347.

Índice de actividade económica

Índice comparativo da actividade económica municipal do ano 2003. Obtense en función do imposto correspondente (IAE) ao total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais. O valor do índice expresa dita importancia da actividade económica sobre unha base nacional de 100.000 unidades, equivalente ao total de ditas cotas tributarias empresariais e profesionais.


En Baiona o índice acadou no ano 2003 un valor de 13, atopándose lonxe dos presentados por Pontevedra e Galicia, que superaron os 1700 e 5600 puntos, e situándoo en noveno lugar da área metropolitana de Vigo.



8.2 Sectores produtivos e actividade económica

Para estudar os sectores produtivo e a actividade económica do Concello de Baiona botouse man das estatísticas do directorio de empresas do IGE, no que se recollen as empresas con sede social en Galicia ou fóra de Galicia que realizan algunha actividade económica no noso territorio. Para iso, as estatísticas recollen información do Imposto de actividades económicas (IAE), do Rexistro Mercantil e do rexistro de contas de cotización e autónomos da seguridade social. Polo tanto non se recolle información sobre determinados sectores ou actividades económicas, como son a agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e administración pública. Para analizar este sector empregouse o censo agrario de 1999, onde se recolle información diversa sobre as explotacións que o integran.

A pesar diso, as estatísticas do IGE proporcionan unha información relevante sobre o número de empresas e o tamaño de cada unha delas por estrato de asalariados, o que nos vai dar un indicativo da importancia relativa de cada un dos sectores de actividade económica.




Fonte: central de balances. IGE

O Concello de Baiona contaba no ano 2003 con 632 empresas, o que representa o 2,09% do número de empresas da AMV, constituíndo o terceiro concello da área por número de empresas. Ademais, o número de empresas mantivo unha tendencia alcista durante o período 1999-2003, incrementándose en 89 novas entidades, o que supón un crecemento do 16,39%.

A maior parte destas empresas están dentro do sector servizos, que aglutina a 409 empresas, e representa o 80,54% do total, sendo esta proporción é inferior á manifestadas pola área metropolitana (81,16%), pero superior ás de Pontevedra (78,42%) e Galicia (77,74%). Por detrás, está a construción, con 96 empresas o que supón o 15,19% das empresas do concello. E por último, a industria, que conta con 27 empresas e representa o 4,27% do empresariado.





Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Ademais do número de empresas tamén é importante determinar o tamaño das mesmas. Neste senso cabe dicir que, no ano 2003, o 96,68% das entidades empresariais baionesas tiñan un tamaño que as podería catalogar como microempresas (0 a 9 asalariados) e o 3,32% restante tiña a catalogación de pequena empresa (10 a 49 asalariados).

Por outra banda, se nos fixamos na forma xurídica das empresas, temos que os autónomos son maioría, representando o 68,67% do total. Mentres que as sociedades limitadas, que é a outra forma que adoita escoller o empresariado do concello, supúñan o 25,47%. Ademais, había 5 S.A., 1 cooperativas e 31 empresas con outra forma xurídica.

Resumindo, se queremos caracterizar á empresa tipo do concello de Baiona, teríamos que dicir que se trata dun autónomo ou dunha sociedade limitada que realiza unha actividade englobada no sector servizos ou na industria e cun número de empregados de 0 a 9.

A) Sector primario

O sector primario comprende as actividades de extracción directa de bens da natureza, sen transformacións. Normalmente, enténdese que forma parte do sector primario a minaría, a agricultura, a gandería, a silvicultura e a pesca.

Para analizar este sector empregáronse os datos do censo agrario de 1999, que aportaron información sobre número de explotacións, idade dos titulares e composición da cabana gandeira. Ademais, para a análise dos subsectores de forestais e da minaría tívose en conta os datos aportados pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e pola Consellería de Innovación e Industria. Para a pesca empregáronse os datos obtidos da confraría de pescadores e da Consellería de Pesca.



Pesca

A actividade pesqueira constitúe o principal subsector do sector primario dando emprego a 624 persoas, que supón o 12,82% dos persoas ocupadas do concello de Baiona e constitúe a terceira actividade que máis emprego xera.


A maior parte destes traballadores están asociados á confraría de pescadores La Anunciada de Baiona, na que se aglutinan uns 400 socios, entre tripulantes (240), embarcacións dedicadas á pesca de baixura (115) e marisqueo (45).

A confraría de pescadores La Anunciada é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que actúa como órgano de consulta e colaboración coa administración na promoción do sector pesqueiro e representa os intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector. O seu ámbito territorial comprende dende a Praia de Abra (Patos-Nigrán) ata a Punta Orelluda (Oia), incluíndo as Illas Estelas e Farallóns.

Na lonxa de Baiona, que xestiona a confraría de pescadores, descárganse unha grande variedade de peixe, entre o que cabe salientar: o polbo, o berberecho, o ourizo de mar, o percebe, o mexillón, a ameixa babosa, a robaliza, o relo, a nécora, a faneca, a sardiña, a raia, etc. No ano 2005 vendéronse na lonxa 359.926 quilos de peixe que acadaron un valor de mercado de 2.675.560 €.

Agricultura e gandería

No ano 1999, o censo agrario de Baiona, indicaba que había unhas 450 explotacións dedicadas ás labores agrogandeiras, empregando a 768 persoas entre titulares (437), cónxuxes (237) e axudas familiares (94). Este dato choca nun principio co aportado polo censo de poboación e vivenda do ano 2001, onde se dicía que había 63 persoas empregadas na agricultura, pero hai que ter en conta que estas dúas fontes empregan unha metodoloxía distinta e dentro do número que manexa o censo agrario hai moitas persoas que fan da agricultura unha fonte secundaria de ingresos ou que están xubiladas e aínda manteñen unha certa actividade no sector.




Fonte: Censo agrario. INE



En canto aos titulares das explotacións, cabe salientar que o grupo máis numeroso constitúeno os titulares de 65 e máis anos, que supoñen o 37,08% do total. Ademais, poderíase dicir que a media de idade dos titulares de explotacións é bastante alta, posto que o 65,68% dos mesmos ten máis de 55 anos, e ademais, os menores de 34 anos só representan o 3,43%, co que o relevo xeracional non está garantido. Todo isto conforma un panorama onde se está a producir un avellentamento da poboación dedicada ás labores agrarias, ademais do feito de que non existe un relevo xeracional da mesma, o que trae consigo unha situación de abandono das tarefas agrarias e un transvase de emprego cara a outros sectores económicos como poden ser os servizos ou a industria.

Baiona conta cunha cabana gandeira de 336 cabezas, onde os bovinos teñen un peso maior, posto que o 20,27% gando pertence a este grupo. A este, séguenlle as aves (19,94%), os porcinos (19,05%), os ovinos (16,67%) e os equinos (12,50%). O resto das especies teñen unha importancia bastante residual, constituíndose na maioría dos casos en actividades complementarias da explotación gandeira, é dicir, son unha fonte máis de autoabastecemento.



Fonte. Censo agrario. INE


En conclusión poderíamos dicir que o sector agrogandeiro de Baiona ten un marcado carácter de autobastecemento, xa que as explotacións adoitan ter un tamaño pequeno e as súas producións non están orientadas cara o mercado, senón que o fan cara o mantemento da propia explotación.

Forestal

O Concello de Baiona conta con 1.893 ha. dedicadas a superficie forestal, o que ben a significar o 84,36% da superficie agraria do concello e o 53,47% da superficie total do concello.



Distribución da superficie total das explotacións
Ano 1999



Fonte: Censo agrario. 1999

No que se refire ao réxime de propiedade da terra, hai que dicir que a fórmula maioritaria no concello é a de monte mancomunado posto que ocupa o 54,29% da superficie total do concello.

Número e superficie das comunidades de montes veciñais en man común

Concello	Nº CMVMC	Superficie HA.	% respecto á súa superficie
Baiona	6	1.900,30	54,29

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Medio Ambiente. Ano 2003

En canto aos traballos forestais, hai que dicir que o concello conta con 1 empresa dedicada á industria forestal e 1 que se dedica á explotación dos recursos forestais.


Minaría

Segundo información da Consellería de Innovación e Industria no ano 2005 non había ningunha explotacións mineiras dedicadas á extracción de minerais.

B) Sector secundario

O sector secundario refírese ás actividades que implican transformación de alimentos e materias primas a través dos máis variados procesos produtivos. Normalmente inclúense neste sector a siderurxia, as industrias mecánicas, a química, o téxtil, a produción de bens de consumo, etc., así como, a construción, aínda que, debido á súa importancia, pódese contabilizar aparte. Neste apartado imos facer unha análise do sector desagregando os datos polos subsectores da industria e da construción, e analizando o número de empresas, tamaño e emprego xerado.





Fonte: central de balances. IGE

En Baiona o sector secundario está composto por 123 empresas, das que 27 se corresponden coa industria e 96 coa construción. Este sector estivo medrando en número de empresas pasando das 92 ata as 123, o que supuxo un crecemento porcentual do 33,70%. Ademais ao sector estivo a medrar en emprego, de xeito que no período 1996-2001, o incremento no número de persoas ocupadas foi do 67,73%, chegando a acada unha cifra de 1419 persoas.

Industria

A industria do concello de Baiona estaba conformada, no ano 2003, por 27 empresas que aglutinaban o 16,41% de emprego do concello e representaban o 4,27% do censo empresarial. Este subsector mantívose estancado no que se refire ao número de empresas, pero estivo a medrar no que se refire a emprego xerado, sendo a taxa de crecemento do 0% no período 1999-2003, no caso do número de entidades, e do 77,95% no período 1996-2001, para o emprego xerado polas mesmas. Este feito ten a súa explicación na importancia que ten o sector industrial en concellos do seu contorno (Vigo e Porriño, fundamentalmente) que constitúen uns polos de atracción de man de obra.

Estas 27 empresas supoñen o 1,06% do censo de empresas industriais da área metropolitana, constituíndo o décimo concello por número de empresas do sector industrial dentro da área metropolitana.

Se analizamos a composición deste sector, podemos ver como as actividades se reparten en:

Actividade	Nº de empresas
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	8
Industria téxtil e da confección	2
Industria da madeira e da cortiza	4

Fonte: central de balances. IGE



Actividade	Nº de empresas
Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	4
Industria da transformación do caucho e materias plásticas	1
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	2
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	2
Fabricación de material de transporte	1
Industrias manufactureiras diversas	3

Fonte: central de balances. IGE

Sendo as empresas dedicadas á alimentación, bebidas e tabaco as que teñen un maior peso, contando con 8 entidades cada unha. O resto de empresas está moi repartido entre outras actividades do subsector.

As empresas que compoñen este sector teñen unha dimensión reducida posto que o 88,89% delas teñen menos de 9 empregados, podendo cualificarse como microempresas. As pequenas empresas (de 10 a 49 empregados) comportan o 11,11% do empresariado do sector.

En canto á forma xurídica, a máis empregada polo empresariado deste sector foi a de autónomo, que supuña o 48,15% do total, seguida das sociedades limitadas co 37,04%. Ademais había 4 sociedades personalistas (comunidades de bens e outros).

Construción

O sector da construción do concello de Baiona está composto por 96 empresas, que aglutinan ao 12,74% dos ocupados do concello e supoñen o 15,19% do censo empresarial. Este sector estivo a medrar nos últimos anos tanto en emprego como en número de empresas. En emprego o crecemento foi do 56,17% no período 1996-2001, mentres que o incremento do censo empresarial foi do 47,69% entre o ano 1999 e o 2003.



Actividade	Nº de empresas
Preparación de obras	2
Construción xeral de inmobles e obras de enxeñería civil	22
Instalacións de edificios e obras	55
Acabado de edificios e obras	17


Fonte: central de balances. IGE

As empresas de Baiona que integran este sector dedícanse maioritariamente á instalación de edificios e obras e a construción xeral de inmobles, tendo un tamaño bastante reducido, posto que o 92,71% non contrata máis de 9 empregados e o 7,29% restante non pasa dos 50 empregados.

En canto á forma xurídica, a de autónomos e a de sociedade limitada son as máis escollidas, co 63,54% e o 35,42% dos casos. Tamén existen 1 catalogadas como outras (comunidades de bens, sociedades personalistas, etc.)

C) Sector terciario

O sector terciario engloba as actividades que utilizan distintas clases de equipos e de traballo humano para atender as demandas de transporte, comunicacións e actividades financeiras como a banca, a bolsa, os seguros, etc. Para estudar este sector ímolo subdividir en 5 subsectores: hostalaría, comercio polo miúdo, comercio polo xunto, transporte e outros servizos (que inclúe actividades inmobiliarias, intermediación financeira, educación, sanidade e servizos prestados a comunidade).



Fonte: central de balances. IGE



Neste sector a actividade que conta cun maior número de empresas era no ano 2003 o do comercio polo miúdo con 182, seguido de outros servizos (seguros, intermediación financeira, etc.) con 163, da hostalaría con 100, dos transportes con 33 e do comercio polo xunto con 31.

En canto ao emprego, hai que dicir que no censo de poboación do 2001 a poboación ocupada nos servizos supuña o 56,74% do total, o que representa o primeiro sector de actividade do concello por volume de emprego. Ademais, durante o período o sector estivo a medrar en volume de emprego, sendo a cifra do 2001 un 80,76% maior que a do 1996.

De observar a evolución do sector en número de empresas, pódese ver como durante o período 1999-2003 o número de empresas experimentou un aumento, posto que pasou de 451 a 509 empresas, o que supón unha medra do 12,86%.

En canto ao tamaño das empresas do sector, pódese dicir que a maioría das empresas do sector son microempresas posto que o 97,84% non pasa dos 9 asalariados e o 2,46% restante está no intervalo de 10 a 49 asalariados. Isto que configura un panorama onde o autoemprego é a tónica dominante, posto que a forma xurídica que predomina é a de autónomo con 360 empresas, o que representa o 70,73% do total.

Hostalaría

No subsector da hostalaría están recollidos os hoteis, pensións, cámpings, restaurantes, establecementos de bebidas (bares e cafeterías), así como os comedores colectivos. Este subsector integra a 100 empresas, o que supón o 19,65% do censo de empresas de servizos do concello. Ademais a hostalaría estivo aumentando en número de empresas durante o período 1999-2003, pasando de 83 a 100, o que supuxo un incremento do 20,48%.

As empresas de Baiona que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Hoteis	6
Cámping e outros tipos de hospedaxe de curta duración	2
Restaurantes	26
Establecementos de bebidas	65
Comedores colectivos e provisión de comidas preparadas	1

Fonte: central de balances. IGE



O tamaño que soen ter estas empresas é reducido posto que o 97% delas non pasa dos 9 asalariados e o 3% restante non ten máis de 50 empregados. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 71% das mesmas están en mans de empresarios autónomos.

Comercio polo miúdo

O subsector do comercio polo miúdo engloba as actividades de venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor, comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, así como, a reparación de efectos persoais e utensilios domésticos.

O subsector ocupa o primeiro lugar en número de empresas dentro do sector servizos, con 182, e ademais no período 1999-2003 incrementou levemente o número de empresas, pasando de 180 a 182, o que supuxo unha suba do 1,11%.

As empresas de Baiona que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Venda de vehículos de motor	1
Mantemento e reparación de vehículos de motor	4
Venda de repostos e accesorios de vehículos de motor	2
Venda polo miúdo de carburantes para a automoción	1
Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	30
Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	40
Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene	5
Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	88
Comercio polo miúdo non realizado en establecementos	10
Reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	1

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que o 98,90% das mesmas poden ser catalogadas como microempresas, posto que non pasan dos 9 asalariados. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 73,63% teñen a consideración de autónomos, polo que se podería dicir que o autoemprego constitúe a característica básica deste subsector.



Comercio polo xunto

O subsector do comercio polo xunto engloba as actividades de intermediarios do comercio, comercio polo xunto de materias primas agrarias e de animais vivos, comercio polo xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco, comercio polo xunto de produtos de consumo, distintos dos alimenticios, comercio polo xunto de produtos non agrarios semielaborados, chatarra e produtos de refugallo, comercio polo xunto de maquinaria e equipo e outro comercio polo xunto.

O subsector ocupa o último lugar en número de empresas, representando o 6,09% do censo de empresas do sector servizos do concello. Non obstante, durante o período 1999-2003 estivo crescendo en número empresas, pasando de 21 a 31, o que supuxo un aumento do 47,62%.

As empresas de Baiona que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Intermediarios do comercio	8
Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	2
Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	9
Comercio por xunto de produtos de consumo, distintos dos alimenticios	6
Comercio por xunto de produtos non agrarios semielaborados, chatarra e produtos de refugallo	6

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que o 96,77% poden ser catalogadas como microempresas, posto que non pasa dos 9 asalariados. Só existe 1 empresa no tramo de 10 a 49 traballadores, o que representa o 12,70% do empresariado do subsector. Ademais a forma xurídica máis elixida é a de autónomo (54,84%), seguida das sociedades limitadas (35,48%).

Transporte

O subsector do transporte engloba as actividades de transporte terrestre, transporte por tubos, transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores, transporte aéreo e espacial, actividades anexas aos transportes, actividades de axencias de viaxes, e actividades de correos e telecomunicacións.



Este subsector conta con 33 empresas, representando o 6,48% das empresas do sector servizos. Ademais mantivo unha senda ascendente no censo empresarial durante o período 1999-2003, posto que pasou de 31 a 33 empresas, o que supuxo un aumento do 6,45%.

As empresas de Baiona que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Outros tipos de transporte terrestre	31
Manipulación e depósito de mercadorías	1
Actividades postais e de correo	1

Fonte: central de balances. IGE

As maior parte das entidades que están dentro doutros transportes refírense a empresas que realizan transporte por estrada por medio de camións ou tráileres, polo tanto estamos a falar de empresarios autónomos que teñen o seu propio vehículo e realizan traballos para outras empresas. Estes empresarios non soen contratar asalariados e, polo tanto, tratase dunha forma de autoemprego, de feito os autónomos supoñen o 84,85% do empresariado do subsector.

Outros servizos

O subsector de outros servizos engloba as actividades de intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais, educación, actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, así como actividades de prestación de servizos persoais.

Este subsector ocupa o segundo lugar dentro do sector servizos e durante o período 1999-2003 experimentou un crecemento, pasando de 136 a 163 empresas, o que supuxo unha medra do 19,85%.

As empresas de Baiona que compoñen este subsector repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Actividades auxiliares da intermediación financeira	11
Actividades inmobiliarias	26
Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	2

Fonte: central de balances. IGE



Actividade	Nº de empresas
Actividades informáticas	3
Investigación e desenvolvemento	3
Outras actividades empresariais	59
Educación	8
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	15
Actividades de saneamento público	2
Actividades recreativas, culturais e deportivas	8
Actividades diversas de servizos persoais	26

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas, temos que dicir que o 97,55% delas non pasa dos 9 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. O 2,45% restante está no estrato de 10 a 49 empregados. Ademais se nos fixamos na forma xurídica das mesmas, temos que o 68,71% son autónomos e o 24,54% son sociedades limitadas.

9. TERCEIRO SECTOR

Segundo datos facilitados polo concello de Baiona, en xaneiro de 2006, o concello contaba con 40 asociacións inscritas no seu rexistro. Segundo a tipoloxía recollida no cadro, a maioría son e “asociacións culturais”, cun total de 11. O resto das entidades estaba bastante repartido entre as seguintes categorías.

Tipoloxía e número de asociacións non lucrativas en Baiona
Ano 2006

Tipo de asociación	Nº de asociacións
Asociacións culturais	11
Asociacións de animación sociocultural (turismo)	3
Asociacións de consumidores - amas de casa	1
Asociacións de mulleres	1
Asociacións de pais de alumnos	5

Fonte: Concello de Baiona



**Tipoloxía e número de asociacións non lucrativas en Baiona
Ano 2006**

Tipo de asociación	Nº de asociacións
Asociacións de veciños	3
Asociacións deportivas	5
Asociacións ecoloxistas	1
Asociacións pacifistas-cooperación internacional-solidariedade	2
Asociacións relixiosas	1
Asociacións xuvenís	1
Comunidades de montes	3
Outras Asociacións	1
Empresa, Economía, Emprego	2
TOTAL	40

Fonte: Concello de Baiona

10. DAFO XERAL DE BAIONA

DEBILIDADES	AMENAZAS
• Dispersión da poboación • Alta densidade de poboación nas áreas de litoral • Déficit hídrico nos meses de verán • Falta dunha figura de protección ambiental na serra da Groba na que se preserven os valores naturais • Forte impacto da acción humana na configuración dos usos do solo no concello, destacando especialmente o dedicado a asentamento humano • Forte impacto medioambiental pola construción de infraestruturas viarias e tamén na desarticulación dos asentamentos, provocando a falta de conexión entre os mesmos • Excesiva presión demográfica sobre o litoral que xera unha degradación dos recursos naturais	• Demanda de solo residencial para uso turístico por parte da poboación viguesa e doutros territorios. • Explotación irracional dos recursos forestais e aumento dos incendios • Impacto negativo na construción de infraestruturas viarias • Presión demográfica da cidade de Vigo e doutros centros urbanos • Experiencias urbanísticas especulativas nas áreas costeiras próximas • Saturación urbanística en áreas costeiras próximas • Maior competitividade no sector turístico que leva consigo un aumento das exixencias por parte dos visitantes en temas de medio ambiente, aloxamento, restauración, servizos públicos e de ocio e lecer



• Monocultivo forestal de especies traídas de fóra (eucalipto e piñeiro) en detrimento das autóctonas, o que xera un aproveitamento pouco sostible dos recursos naturais • Escaso patrimonio arqueolóxico • Escaso patrimonio etnográfico material • Excesiva centralización das actividades lúdicas e culturais na vila de Baiona en detrimento doutros lugares do concello • Falta de sensibilización da poboación local para a conservación dos bens naturais do concello • Escasa sensibilización do organismo municipal ante determinadas actuacións contra o medio ambiente • Deterioro e degradación natural dos cursos fluviais a causa da forte presión urbanística, especialmente no sector litoral e na Ramallosa • Crecemento urbanístico desordenado e desproporcionado, principalmente na franxa costeira, que rompe coa estética urbanística • Masificación do casco histórico e dos seus areais na tempada estival • Calidade media de parte dos servizos de restauración • Escasa sinalización dos recursos patrimoniais do interior • Forte estacionalidade do turismo, concentrándose entre os meses de xuño e agosto • Insuficiencia de prazas públicas de escolas de educación infantil • Insuficiencia de prazas públicas en residencias para persoas maiores e doutros servizos dirixidos á poboación maior • Incremento do índice avellentamento da poboación • Saldo vexetativo negativo, cun incremento da mortalidade e un estancamento da natalidade • Aumento da emigración cara as áreas máis dinámicas da provincia (Vigo e Pontevedra) • Taxa de crecemento migratorio negativo • Taxa de analfabetismo superior á da AMV e á da provincia de Pontevedra no seu conxunto, especialmente entre as mulleres • Baixo nivel formativo da poboación en xeral, con maior incidencia no colectivo feminino • Segregación da formación por sexo, cunha formación masculina en carreiras técnicas e feminina na rama de humanidades e ciencias sociais	• Cambio nas tendencias dos turistas cunha maior preferencia polo turismo de descanso e gastronómico en detrimento do de sol e praia • Descoordinación entre administracións competentes en materia de turismo (Xunta-Deputación-Concello) • Falta dunha visión de Mancomunidade que leve a desenvolver actuacións conxuntas entre os diferentes concellos en temas relacionados co transporte, turismo, ordenación do territorio, oferta de servizos, etc.
---	---



• Existencia dun número considerable de vivendas baleiras • Porcentaxe baixa de vivendas en aluguer • A poboación local identifica como principais problemas relacionados coa vivenda e o seu contorno: a escasa limpeza das rúas, as malas comunicacións por estrada, a escaseza de zonas verdes e a excesiva contaminación acústica • Menor incorporación ao mercado e traballo das mulleres • Altas taxas de temporalidade e estacionalidade no emprego, especialmente entre as mulleres • Excesiva dependencia do sector servizos en temas de emprego, que xera unha forte estacionalidade • Concentración de man de obra feminina nos servizos • Maior ocupación socio-profesional de media e baixa cualificación • Perda de peso do sector pesqueiro • Alta temporalidade do sector servizos • A poboación moza e as mulleres soportan as maiores taxas de desemprego • Insuficiencia dos recursos humanos dedicados a desenvolvemento local e emprego • Nivel baixo de renda da poboación local • Excesivo peso do sector turístico no concello • Escaso peso da industria dentro do concello e da propia Área Metropolitana • Tamaño reducido das empresas • Abandono das actividades agropecuarias debido ao avellentamento da poboación, á falta de relevo xeracional, ao abandono das tarefas agrarias e ao pequeno tamaño das explotacións • Falta de empresas locais destinadas á explotación dos recursos forestais • Existencia dun marcado minifundismo e de pequenas producións hortofrutícolas orientadas cara o consumo propio • Falta de profesionalización na xestión das comunidades de montes • Desaproveitamento das axudas en materia de promoción do emprego e desenvolvemento local	
--	--



FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
• Localización costeira do municipio • Proximidade á cidade de Vigo o que favorece a súa expansión urbana • Integración dentro de dúas Mancomunidades de municipios: a de Vigo e a do Val Miñor • Situación xeográfica estratéxica con boas comunicacións coas cidades de Vigo, Pontevedra e Ourense, así como con Portugal • Existencia de areais aptos para o baño • Existencia de dous espazos naturais protexidos na costa (Costa de Baiona-A Guarda, A Ramallosa) • Abondoso patrimonio arquitectónico e ben conservado (centro histórico, faro de Cabo Silleiro, fortaleza de Monte Real, casas grandes e pazos, etc.) • Existencia de recursos patrimoniais e naturais ben conservados orientados cara a promoción do sector turístico • Existencia de miradoiros naturais dende a serra da Groba • Abondoso patrimonio etnográfico inmaterial, reflexado na celebración de festas e romarías. Así como actividades culturais vinculadas ao mar. • Concentración de actividades lúdico-culturais e populares na vila de Baiona • Importancia da superficie forestal dedicada á produción madeireira no centro e sur do termo • Condicións climáticas benignas onde predominan os veráns cálidos e invernos suaves, con precipitacións abondosas entre o outono e a primavera • Existencia dun Plan de Excelencia Turística que permite a ordenación e mellora dos recursos e do seu contorno, así como a conservación e promoción dos mesmos • Importante oferta hostaleira e de aloxamento • Existencia dun establecemento referente a nivel nacional como é o Parador de Turismo que atrae a un bo número de turistas • Existencia dunha rica gastronomía baseada nos produtos do mar e dos máis típicos da cociña galega • Existencia dunha imaxe de calidade turística do concello • Experiencia na realización de actividades náutico-deportivas	• Integración na futura Área Metropolitana de Vigo • Pertenza a dúas Mancomunidades, polo que se pode aproveitar das estratexias e servizos de ambas • Política das liñas aéreas de baixo custo que poden favorecer a chegada de visitantes doutros países • Visión positiva por parte da poboación foránea da área xeográfica na que se sitúa o concello • Existencia dunha imaxe turística consolidada • Existencia de Leis para garantir, conservar e velar pola defensa do patrimonio etnográfico, arqueolóxico e natural • Saturación urbanística costeira noutras áreas próximas • Existencia de políticas autonómicas que promoven a revitalización de zonas comerciais urbanas • Existencia de políticas públicas que favorecen a inserción laboral de mulleres • Existencia de políticas autonómicas de conciliación da vida familiar e laboral • Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento do autoemprego a nivel local, a través de cursos de formación e axudas para creación da propia empresa • Endurecemento das políticas contra a urbanización descontrolada na costa • Aumento da sensibilización por parte da cidadanía en relación á necesidade de conservación dos recursos naturais e do patrimonio cultural



• Existencia de programas de actividades relacionadas co goce da natureza • Existencia de sendeiros que permiten percorrer o territorio e obter fermosas vistas panorámicas (GR 58 Sendeiro das Greas, PRG-062, etc.), posibilitando a realización dos percorridos en bicicleta, a cabalo ademais de a pé • Existencia dunha intensa rede de camiños e pistas de monte óptimas para o deseño de actividades de contacto coa natureza • Alta ocupación hoteleira nos meses de verán e elevada pernoctación dos turistas • Posibilidade de diversificación da oferta turística, con recursos no interior, que permita unha descentralización da oferta • Boas infraestruturas viarias • Existencia dunha páxina web municipal de promoción turística • Aposta polo sector turístico dende o organismo municipal • Existencia de servizos sociais no concello dirixidos a diferentes colectivos: mocidade, emigrantes retornados e inmigrantes, mulleres, etc. • Pertenza ao Plan Galego de Inclusión Social que se desenvolve nos concellos que conforman o Val Miñor, con sede en Gondomar • Chegada de inmigrantes procedentes, preferentemente da provincia de Pontevedra • Aumento continuo da poboación de feito • Recuperación da taxa de natalidade • Importante número de vivendas secundarias e baleiras que incrementan o número de residentes durante os fins de semana e especialmente nos meses de verán • Aumento da taxa de actividade e ocupación no concello • Maior diversificación da formación laboral masculina • O concello conta cun técnico de emprego • Forte peso do sector turístico no concello con elevados índices nalgúns parámetros de desenvolvemento: turístico, de restauración e bares • Importancia do sector empresarial hostaleiro • Importancia do comercio de proximidade, especialmente na vila de Baiona e na parroquia de Santa Cristina da Ramallosa • Concentración de actividades comerciais e económicas na vila de Baiona	
--	--



• Incremento do número de empresas relacionadas cos servizos • Ampla superficie forestal de monte mancomunado • Importante nivel de asociacionismo local cun tecido que acada as 40 asociacións de diferente índole • Número importante de asociacións culturais • Existencia de programas de desenvolvemento rural PRODER II • Existencia do proxecto CONTA CON ELAS da MAIV dirixido a mellorar a inserción laboral da muller	
--	--

11. PROPOSTAS E ACTUACIONES

1. Planificación, a través dos plans de ordenación do monte e a profesionalización das comunidades de montes, para un aproveitamento sustentábel dos recursos forestais, a rexeneración das áreas degradadas polos incendios e a actuación humana, a repoboación e substitución das especies arbóreas foráneas por especies autóctonas, con especial incidencia nas áreas de especial interese natural.
2. Creación dun programa de xestión municipal para fomentar o aproveitamento sostible dos recursos forestais, que actualmente se limitan á explotación madeireira.
3. Contar cun grupo organizado e estable durante todo o ano de persoas formadas e capacitadas para levar a cabo medidas de prevención e extinción de incendios forestais.
4. Realización de campañas de sensibilización de cara a regulación do consumo de auga nos meses de verán, co fin de minimizar o déficit hídrico que sofre o concello na época estival.
5. Recuperación e conservación da vexetación clímax con especial incidencia nas zonas próximas aos cursos fluviais e nos miradoiros naturais da Groba.
6. Realización dunha campaña de sensibilización dirixida á poboación local para promover a revalorización dos recursos naturais propios, tanto costeiros como de interior.
7. Sinalización dos recursos de especial interese patrimonial e natural, en coordinación cos demais concellos da Área Metropolitana.
8. Aproveitamento e recuperación da intensa rede de camiños e pistas para a creación de sendeiros naturais que comuniquen os diferentes recursos, así como rutas específicas para bicicletas de montaña, rutas a cabalo, etc.



9. Recuperación dos cursos fluviais e do seu contorno con vexetación de ribeira nas súas marxes e saneamento das súas augas.
10. Maior sensibilización do organismo municipal ante determinadas actuacións que se realizan no territorio e que prexudican ao medio ambiente.
11. Redución da edificabilidade no contorno da liña de costa para deter a forte presión á que está sometida, e recondución da mesma cara as zonas de interior co fin de desconxestionar o litoral.
12. Realización dun estudo sobre os posibles aproveitamentos dos pazos existentes no termo municipal.
13. Promoción dos recursos e as actividades de lecer das zonas interiores do concello de cara a descentralizar a oferta.
14. Deseño de actividades lúdicas, culturais e deportivas durante os meses de inverno e primavera que favorezan a chegada de visitantes, de cara a ter unha continuade do turismo ao tempo que axudaría a desestacionalizar o sector.
15. Deseño e promoción de actividades nos areais do concello fora da tempada estival co fin de xerar dinámicas de fluxos máis frecuentes para desestacionalizar a oferta de actividades no verán.
16. Deseño e promoción de actividades na época estival nas zonas do interior do concello co fin descentralizar a oferta de actividades a mais espazos que os areais e a vila de Baiona.
17. Aumento do número de prazas de escolas de educación infantil e ampliación dos servizos dirixidos á atención deste grupo de poboación.
18. Mellora e incremento do número de prazas de residencias da Terceira Idade, así como dos servizos e actividades orientadas cara a poboación maior.
19. Promoción da creación de servizos dirixidos á poboación infantil e maior, que permitan á poboación local conciliar a súa vida laboral coa familiar (garderías, escolas infantís, ludotecas, centros de día, residencias da Terceira Idade, etc.).
20. Mellora do sistema de limpeza municipal ante a percepción local sobre a limpeza das rúas.
21. Campaña de revalorización da cultura vinculada ao mar, na que participen asociacións e a cidadanía en xeral.
22. Fortalecemento da oferta de actividades náutico-deportivas tanto públicas como privadas.



23. Establecemento dunha canle de colaboración coa confraría de pescadores, para posibilitar a oferta dun servizo que dea a coñecer a práctica habitual da pesca de baixura aos turistas, e persoas en xeral, permitíndolles acompañar durante unhas horas aos pescadores nos seus barcos onde poderán observar e realizar as tarefas que desempeñan os mariñeiros.
24. Mellora e ampliación do sistema de zonas verdes no núcleo urbano.
25. Mellora da localización e accesibilidade a determinadas áreas de interese (praias, núcleos rurais, patrimonio arqueolóxico e arquitectónico, etc.) a través da colocación de sinalización vertical así como da ampliación e mellora do firme das vías de comunicación.
26. Fomento da recuperación e rehabilitación das vivendas de especial interese arquitectónico (pazos, casas grandes, reitorais, etc.) e próximas a algún tipo de recurso para o deseño de produtos turísticos e creación de novas infraestruturas hoteleiras (casas rurais, hoteis con encanto, etc.).
27. Establecemento de políticas que faciliten o acceso á vivenda en propiedade ou alugueiro á xente moza.
28. Realización de accións formativas dirixidas ao empresariado e traballadores do sector hostaleiro que posibiliten unha maior profesionalización.
29. Análise das necesidades e das carencias de formación na man de obra en relación coas demandas do empresariado local para o desenvolvemento de accións formativas en cooperación coas asociacións empresariais.
30. Establecer programas formativos e de emprego nos que a poboación feminina sexa a principal beneficiaria das accións.
31. Realización de cursos de formación e especialización orientados ao persoal hostaleiro.
32. Promover a realización de accións formativas dirixidas cara aos comerciantes, así como a creación e o establecemento dun selo distintivo de calidade.
33. Análise da viabilidade da creación dun viveiro de empresas para diversificar a actividade económica municipal, excesivamente centralizada no turismo.
34. Incentivar ás empresas cara unha maior estabilidade no emprego mediante a información e promoción das medidas de promoción de emprego estable.
35. Creación de liñas de axuda dende o concello dirixida á creación de empresas e, en xeral, a creación de emprego e ao desenvolvemento local.



36. Promover a cooperación empresarial a través da realización de accións conxuntas coas asociacións existentes no territorio.
37. Creación dunha axencia de desenvolvemento local estable e con maior dispoñibilidade de recursos humanos.
38. Estudo das posibilidades de diversificación das actividades pesqueiras de cara a fomentar o emprego nun sector dinámico e cunha alta actividade nos meses de verán.
39. Promover a participación cidadá a través do movemento asociativo, creando foros de debate que permitan á poboación local facer chegar as súas inquedanzas e propostas.
40. Maior coordinación entre os concellos das dúas Mancomunidades ás que pertence o concello, Val Miñor e Vigo, co obxectivo de mellorar as xestións e aproveitar os recursos aos que se pode acceder dende ditos organismos.

